

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------------|----------|---------------|
| 36019104 | CEIP Plurilingüe Nantes | Sanxenxo | 2024/2025 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Proxecto competencial | 6º Pri. | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 6 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 6 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 7 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 7 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 8 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 8 |
| 7.2. Actividades complementarias | 8 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 9 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 9 |
| 9. Outros apartados | 10 |

1. Introducción

1. Esta disciplina se dirixe ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

2. Incluída no Currículo como alternativa da área de relixión pode configurarse como traballo ou proxecto monográfico, interdisciplinar ou colaborativo...; sen que inclúa unha aprendizaxe de contidos curriculares ou asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a ningunha área da etapa. (Decreto 155/2022, do 15 de setembro).

3. Poderíanse destacar os seguintes propósitos, reflexados nos bloques de traballo:

- Orientar ao alumnado para comprender a realidade social e promover o respecto polos valores universais
- Proporcionar ferramentas e argumentos para resolver conflitos de forma reflexiva e entender o diálogo como recurso de mellora persoal e colectiva.
- Formar no respecto dos dereitos e as liberdades fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante.
- Orientar a una participación activa na vida cívica de forma pacífica e democrática.
- Facilitar a creación dun sistema de valores propios acordes coa súa pertencencia a unha comunidade familiar, escolar e social.

4. Entorno:

- Centro Escolar: Situado nunha parroquia rural, no interior, preto da costa, a 3 km do Concello. Dispón de dúas aulas de infantil e 6 de primaria cunha media de entre 10 e 15 alumnos por aula. O orientador renovase cada ano e se comparte con outros centro a pesares de ter máis dun 50% de alumnado con necesidades de diverso tipo. Profesor bilingüe na área de plástica.

- Familias: Ambiente rural e turístico. Colaboradoras e participativas.

- Alumnado: Ao ser unha área compartida con relixión católica non participa o 100% da clase. Do total do alumnado entre un 40% un 50% cursa esta disciplina, eso se concreta en grupos de entre 4 a 6 alumnos

5. En referencia ao nivel competencial poderíamos destacar o baixo nivel de competencia lingüística, tanto oral como escrita, as carencias de vocabulario e razoamento; as dificultades para acabar as tarefas no tempo previsto, e os poucos hábitos de traballo colaborativo...

A favor temos boa disposición, curiosidade, apertura, ilusión, desexo de contentar...

6. Horario: 1 sesión de 50 minutos semanais.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|----|-------|------|
| OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna. | 1 | | | 1 | 1-5 | 3 | 1-2-3 | |
| OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran. | 1-3 | | 5 | 3 | 1-3 | 2 | 3 | |
| OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | 1-5 | 3 | 3 | 2-3 | 1-3 | | | 3-4 |

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | As Nosas Conmemoracións | DUnidade na que se recabará inrformación das diferentes conmemoracións levadas a cabo no centro. | 30 | 10 | X | X | X |
| 2 | Aprendemos das nosas conmemoracións | A partires do aprendido, elaboramos diferentes actividades relacionadas coas conmemoracións. | 35 | 15 | X | X | X |
| 3 | Contamos o que aprendimos | Elaboramos e presentamos os traballos realizados. | 35 | 10 | X | X | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------|----------|
| 1 | As Nosas Conmemoracións | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñecer a importancia da temática do proxecto. | TI | 100 |
| CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto. | | |
| CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa. | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. | | |
| CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Temporalizar as distintas fases do proxecto. | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que poidan xurdir. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. |
| - Planificación: secuenciación e temporización. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------------------|----------|
| 2 | Aprendemos das nosas conmemoracións | 15 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista. | Executar as actuacións planificadas. | TI | 100 |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar os coñecementos axeitados. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar recursos e materiais necesarios. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver as incidencias xurdidas. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados logrados. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Execución de proxectos: dinámicas e roles. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------------|----------|
| 3 | Contamos o que aprendimos | 10 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | TI | 100 |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade. | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas. | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Potenciar as emocións positivas na exposición. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado tanto a nivel individual como en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

En cada caso, explícase a finalidade do proxecto:

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Segundo a actividade contactarán coa persoa ou persoas correspondentes, investigaran ou recabaran os datos necesarios.

A través de:

- Consulta web, biblioteca...
- Libros e outro material libre
- Entrevistas á familia, Profesorado, Concello, Personaxe de interese...
- Pesquisa ou grabación das entrevistas...

Para rematar presentase o traballo realizado segundo as pautas establecidas con anterioridade.

Na medida en que esten preparados e crezan en experiencia levaran a cabo proxectos da súa propia elección ou elixiran presentacións máis personais e creativas.

Tamén se buscará o modo de dar difusión ao traballo elaborado no entorno escolar ou cercano en función do interese.

Deste xeito trabállanse todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (espazos e lugares da contorna, momentos históricos, antropoloxía...)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)
- Música e Danza (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Fichas deTraballo |
| Caderno de Aula |
| Lápis, pinturas, rotuladores, gomas, tesoiras... |
| Carolinas, papel craf, Caixas, cartóns... |
| Cámara de vídeo, Ordenador, proyector, Pizarra... |

O espazo habitual será a aula ordinaria.

El aula de informática, a biblioteca e a radio cando sexa necesario e este disponible.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

- Ao inicio de curso, Durante as dúas ou tres primeiras sesións faremos assembleas, postas en común e probas que nos permitan coñecer ou valorar a situación competencial do alumnado.
- O obxectivo é acadar información sobre as capacidades e competencias de cada alumno e do grupo; detectar os diferentes niveis e posibles dificultades; establecer un plan de traballo de acordo coas diferentes variables...
- Actividades que permitan coñecer a o alumnado novo, integrarnos como equipo e familiarizarnos co método de traballo...
- Asemblea de propostas, dificultades e melloras de proxectos e tarefas.
- En caso de necesidade, dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación
- Os resultados compartiranse durante a reunión de Avaliación prevista.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|-----------------------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 30 | 35 | 35 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

- Asistencia > 20% > Registro de observación
 - Participación > 30% > Registro dos intercambios orais, diario de clase, colaboración co grupo...
 - Tarefas > 50% > A través do Análise das producións, o rexistro de observación e o diario de clase.
- Para levar a cabo o rexistro de observación, análise e resultados empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas
- A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais. Tendo en conta a progresión do alumnado.

Criterios de recuperación:

- No caso do alumnado que non acade o nivel previsto o que non este conforme co resultado e desexe melloralo: poderá presentar un traballo extra que lle permita
1. Se a nota inicial e insuficiente; acadar unha nota positiva, segundo a calidade do traballo.
 2. Se a nota e positiva pero non satisfactoria; subir un punto sobre o resultado parcial ou final segundo sexa o caso.
- Os casos de absentismo escolar estarían no 1º caso: acadar unha nota positiva mediante a presentación dun traballo.
 - Considerase absentismo activo faltar a máis de un 10% das clases.
 - Considerase absentismo pasivo asistir a clase sen os medios necesarios para levar a cabo as tarefas ou non participar de ningunha das actividades ou tarefas en máis de un 50% dos casos.

6. Medidas de atención á diversidade

- As dificultades concretas pódense simplificar seguindo as seguintes pautas:
- Déficit de atención, Hiperactividade, Retraso madurativo, Curricular...: intentarase traballar cunha maior cercanía do profesor ou requirindo a axuda do titor cando sexa preciso, para sacar o maior partido de cada actividade ou tarefa.
- Emigrantes: Aproveitar para coñecer os distintos países, o idioma e a cultura.
- Alumnado incorporado con retraso: facilitar material de reforzo naqueles contidos que non teña adquiridos e proporcionando axuda fora da aula cando sexa necesario.
- No caso de conductas disruptivas, con vista a mellora da convivencia e compatibilizando con poder levar a actividade proposta, se farán actividades de reflexión e relaxación, nun recuncho da aula; se tentara de facer a actividade co seguimento directo do profesor, pero illado do grupo; se fará un traballo co titor. Se non dera resultado solicitarase a intervención do xefe de estudos.

Nalgús casos as dificultades farán necesario unha maior atención individual facilitándo a lectoescritura, dando máis tempo para adquirir as destrezas necesarias o facendo outro tipo de propostas máis creativas que lles permitan expresarse utilizando habilidades propias.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|--|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión da Lectura | X | X | X |
| ET.2 - Expresión Oral e Escrita | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación Audiovisual | X | X | X |
| ET.4 - Competencia Dixital | X | X | X |
| ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico | X | X | X |

Observacións:

Na elaboración das actividades e na realización das tarefas fomentárase

- O traballo en grupo.
- A pluralidade, a liberdade, a capacidade de decisión, o dereito a ser diferente....
- A igualdade, o respecto, a cooperación..
- O espírito emprendedor, a creatividade, autonomía...
- O consumo responsable, a sustentabilidade, a saúde...

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----------------------------------|--|----------|----------|----------|
| Participación nas conmemoracións | Difusión do resultado dos proxectos | X | X | X |
| Invitado especial | Entrevista ou colaboración informativa | X | X | X |
| Colaboración Revista | Elaboración de artigo, cartel... | X | X | X |

Observacións:

Para elo contarase coa colaboración das familias e do entorno.
A maiores están as actividades previstas na titoría e no proxecto de centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado. |
| Adecuación á temporalización das unidades didácticas. |
| Metodoloxía empregada |
| Utilización de distintas estratexias metodolóxicas |
| Medidas de atención á diversidade |
| As medidas de atención a diversidade fóron efectivas |
| Utilización dos distintos instrumentos de avaliación. |
| Clima de traballo na aula |
| Participación activa de todo o alumnado. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Aportouse información útil ao profesorado titor |
| Apoio e implicación por parte das familias |

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da Avaliación verá determinado por:

- O cumprimento da temporalización
- A adecuación as necesidades do alumnado
- O aproveitamento das sesións
- A utilización dos recursos previstos e dispoñibles.

Esta parte será autoavaliativa e quedará reflexada no caderno/diario de clase e o final de cada avaliación.

E tamén haberá unha avaliación externa por parte do alumnado que reflexe:

- Grao de satisfacción cos aprendizaxes e destrezas adquiridas.

- Grado de satisfacción coa presentación dos proxectos, o asesoramiento e a condución dos mesmos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------------|----------|---------------|
| 36019104 | CEIP Plurilingüe Nantes | Sanxenxo | 2024/2025 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Relixión Católica | 6º Pri. | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 7 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 19 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 20 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 21 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 22 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 23 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 23 |
| 7.2. Actividades complementarias | 25 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro | 26 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 27 |
| 9. Outros apartados | 27 |

1. Introducción

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 4º de E. Primaria dun centro educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, con distintos niveis socioeconómicos e algúns con dificultades de aprendizaxe. Dotado con pantalla dixital na aula e Biblioteca no centro.

Marco da Normativa estatal no que se engloba

. Lei Orgánica 2/2006 (LOE), de 3 de maio, de Educación.

. Lei Orgánica 3/2020 (LOMLOE), de 29 de decembro, pola que se modifica a actual Lei Orgánica 2/2006 (LOE), de 3 de maio, de Educación.

. Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.

. Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.

Marco da Normativa Autonómica

. Currículo de Educación Infantil (Decreto 150/2022, do 8 de setembro; DOG do 09/09/2022)

. Currículo de Educación Primaria (Decreto 155/2022, do 15 de setembro; DOG do 26/09/2022)

. Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

. Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

. Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Currículo de Relixión Católica

. Resolución de 21 de xuño de 2022, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publican os currículos das ensinanzas de relixión católica correspondentes a Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a un tempo educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmrese así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumna.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado do diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria.

O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaginar os

futuros da educación priorizando o aprender a ser e a vivir con outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, escóitaa das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o currículo de Relixión Católica ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|-------|-----|-------|
| OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos cruce da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía. | 1-3 | | | 1-4 | 1-2-5 | | 2-3 | 3 |
| OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta. | 2-5 | 3 | 5 | 3 | 3 | 1-2-4 | 1 | |
| OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común. | 1-5 | | 3 | 1 | 3 | 3-4 | 1 | 3 |
| OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas. | 4 | 3 | | 2-3 | | 3 | | 1-2-4 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|-----|----|------|
| OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas. | 1 | | | | 1-3-5 | 3 | 2 | 1-3 |
| OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento. | 2-3 | | 4 | 1 | 4-5 | 1-4 | 3 | 1 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Muller, sociedade e relixión. | <p>Descubriremos que na Biblia está narrada a vida de mulleres de grande importancia na historia da Salvación.</p> <p>Aprenderemos que María de Nazaret desempeñou un papel decisivo na Historia da Salvación, porque foi elixida por Deus para ser a Nai do seu Fillo Xesús.</p> <p>Coñeceremos algunha información sobre Santa Xoana de Arco, unha muller moi valente que mantivo a súa fe en Deus ao longo da súa vida.</p> <p>Invitaremos ao alumnado a comprometerse para mostrar a súa valentía.</p> | 15 | 4 | X | | |
| 2 | Relacionámonos con Deus. | <p>Aprenderemos que o misterio central da fe cristiá chámase a Santísima Trindade.</p> <p>Descubriremos que, ao longo da súa vida, Xesús revelou a Deus Pai coas súas accións e palabras.</p> <p>Coñeceremos a vida de San Patricio, misioneiro cristián que sempre tivo gran fe en Deus.</p> <p>Invitaremos aos estudantes a comprometerse a practicar a súa fe.</p> | 10 | 4 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 3 | Practicamos os valores cristiáns. | <p>Descubriremos que Xesús nos ensinou as benaventuranzas para explicar valores do Reino de Deus.</p> <p>Aprenderemos as benaventuranzas.</p> <p>Coñeceremos o traballo da entidade Misiones Salesianas.</p> <p>Animaremos ao alumnado a comprometerse para mostrar empatía.</p> | 10 | 4 | X | | |
| 4 | Ti sálvasnos sempre. | <p>Aprenderemos que os cristiáns profesan na oración do Credo a nosa fe en Deus e a súa promesa de salvación.</p> <p>Coñeceremos a vida de San Juan de Mata, que demostrou unha gran capacidade de sacrificio para axudar aos demais.</p> <p>Comprometémonos a facer algún sacrificio polos demais na clase e na casa.</p> | 10 | 3 | | X | |
| 5 | Os nosos xestos importan. | <p>Descubriremos que os sacramentos son celebracións da Igrexa e signos da presenza de Xesús na vida cristiá.</p> <p>Coñeceremos a vida do santo cura de Ars, que sempre acolleu ós máis necesitados.</p> <p>Comprometémonos a practicar o valor da acollida.</p> | 15 | 4 | | X | |
| 6 | Tráenos esperanza. | <p>Descubriremos que a resurrección é o evento máis importante para os cristiáns e celébrase durante a Pascua.</p> <p>Aprenderemos que a alegría e a paz que emanan da resurrección se convierten en características esenciais da vida cristiá.</p> <p>Coñeceremos a vida de Santa Bríxida, quen transmitiu unha mensaxe de esperanza.</p> <p>Comprometémonos a axudar a alguén a recuperar a esperanza.</p> | 10 | 4 | | X | |
| 7 | Somos quen de mellorar. | <p>Aprenderemos que a Igrexa desenvolveu un conxunto de pautas, baseadas no Evanxeo, para guiar a conduta dos cristiáns.</p> <p>Coñeceremos o traballo da Orde Hospitalaria de San Xoán de Deus.</p> <p>Invitaremos aos estudantes a que se comprometan a mellorar a súa autoestima.</p> | 10 | 4 | | | X |
| 8 | convivimos en democracia. | <p>Aprenderemos que a Igrexa aproba e promove a democracia porque reconece a dignidade de cada persoa e traballa para acadar o ben común.</p> <p>Descubriremos que Xesús nos ensina que o servizo aos demais é un valor que se debe practicar para expresar o noso amor polo próximo.</p> <p>Coñeceremos a vida de santo Ignacio de Loyola, que se distinguiu por servir aos demais.</p> <p>Comprometémonos a practicar a coraxe de servizo aos demais.</p> | 10 | 4 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 9 | Coñecemos o arte relixioso. | <p>Aprenderemos que as obras de arte cristiá son un medio para adorar a Deus, Xesús, á Virxe María e aos santos.</p> <p>Descubriremos que David foi elixido por Deus para ser rei de Israel e se lle atribúe o Libro dos Salmos.</p> <p>Aprenderemos algunha información sobre a vida de San Lázaro de Constantinopla, que aprendeu a pintar imaxes relixiosas e foi perseguido por iso.</p> <p>Comprometémonos a manter a harmonía na nosa vida.</p> | 10 | 4 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------------|----------|
| 1 | Muller, sociedade e relixión. | 4 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade. | Identificar tarefas de natureza diferente realizadas por mulleres. Fai unha biografía sobre unha muller relevante na cultura, literatura, ciencia | TI | 100 |
| CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes. | Expresa o seu compromiso para practicar o valor da coraxe. | | |
| CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade. | Coñecer e clasificar os nomes de varias mulleres que aparecen no Antigo e no Novo Testamento. Relacionar momentos da vida de María con acontecementos narrados na Biblia. | | |
| CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrindo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais. | Identificar comportamentos valentes nun mesmo. Nomea algúns datos relevante sobre santa Xoana de Arco. | | |
| CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes. | Identifica os personaxes que aparecen nunha obra de arte sobre a vida de Ruth. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas. | Responde preguntas sobre o relato bíblico. Coñece o papel da muller no xudaísmo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas. - A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - María, modelo de crente. - Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa. - Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá. - Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa. - Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--------------------------|-----------------|
| 2 | Relacionámonos con Deus. | 4 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais. | Nomea algúns datos relevantes sobre santo Patricio. | | |
| CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes. | Identificar nunha obra de arte elementos relacionados co relato bíblico da unidade. | TI | 100 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas. | Responde preguntas relacionados co relato bíblico. Comentar citas bíblicas sobre a fe. Expresa o seu compromiso respecto da fe. | | |
| CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso. | Coñece o nome de Deus noutras relixións monoteístas. | | |
| CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións. | Identifica imaxes de situacións cotiás entre pais e fillos. Escribir un texto para explicar quen é Deus para cada un. Ler citas da Biblia e relacionalas coa Santísima Trindade. Escribir una frase do Credo referida a cada persoa da Santísima Trindade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa. - Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. - A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade. - O Credo da Igrexa católica. - Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación. - Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-----------------------------------|-----------------|
| 3 | Practicamos os valores cristiáns. | 4 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade. | Identificar imaxes que representan valores cristiáns. | TI | 100 |
| CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade. | Desenvolver unha escala de valores propios. | | |
| CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubriendo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais. | Identificar frases verdadeiras e falsas relacionadas cos valores do Reino de Deus | | |
| CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común. | Nomea algúns proxectos das misións Salesianas. | | |
| CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes. | Expresar o seu compromiso para mostrar empatía. | | |
| CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural. | Identifica os personaxes que aparecen nunha obra de arte. | | |
| CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas. | Responder preguntas relacionados co relato bíblico | | |
| CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso. | Saber en que consiste a felicidade para as demais relixións. | | |
| CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común. | Explica como practicar as benaventuranzas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián. - A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. - Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común. - Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus. - A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación. - A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais. - Aprecio do diálogo intercultural e interreligioso para unha convivencia pacífica e democrática. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|----------------------|-----------------|
| 4 | Ti sálvasnos sempre. | 3 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade. | Identifica imaxes que representan accións de axudar aos demais. Escolle unha fotografía para representa o que fai feliz a cada un. | TI | 100 |
| CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubriendo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais. | Nomea algúns datos relevante sobre San Xoán de Mata. Nomea as principal verdades da fe cristiá. Identificar as verdades de fe sobre Xesucristo na Oración do Credo. | | |
| CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común. | Identificar as accións que mostran sacrificio. Escribe frases relacionadas coa fe cristiá. Expresa o teu compromiso respecto do sacrificio | | |
| CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes. | Identificar nunha obra de arte elementos relacionados co relato bíblico da unidade. | | |
| CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas. | Responde preguntas relacionados co relato bíblico. Nome algúns datos relevante para o Islam. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa. - A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá. - Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. - O Credo da Igrexa católica. - Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus. - A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación. - Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------------|----------|
| 5 | Os nosos xestos importan. | 4 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade. | Identificar o significado de xestos diferentes a partires de imaxes. Crúzase mentres recita a oración do Signo da Santa Cruz. | TI | 100 |
| CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais. | Identificar comportamentos da persoa que acolle ós demais. Nomea algúns datos relevante sobre o santo Cura de Ars. | | |
| CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes. | Identificar nunha obra de arte elementos relacionados co relato bíblico. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural. | Expresar o compromiso adquirido para practicar o valor da acollida. | | |
| CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas. | Responde preguntas sobre o relato bíblico. Explica como se celebran nacemento e morte en diferentes relixións. | | |
| CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común. | Entende que os sacramentos son signos da presenza de Xesús. Explica como se celebran os sacramentos de Bautismo e unción enfermos e o que recibimos a través deles | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais. - Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. - A vida cristiá e a celebración dos sacramentos. - Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación. - Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 6 | Tráenos esperanza. | 4 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade. | Recoñecer situacións de inxustiza e expresar que se pode facer para cambialos. | TI | 100 |
| CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade. | Expresa o seu compromiso darlle esperanza a alguén. | | |
| CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade. | Explica o significado dunha cita de Martín Lutero King e o relaciona coa mensaxe esperanzadora de Xesús. | | |
| CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais. | Explica que Xesús, coa súa resurrección, tráenos a esperanza. Nomea algúns datos relevante sobre santa Bríxida. | | |
| CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas. | Responde preguntas sobre o relato bíblico. Identificar nunha obra de arte elementos relacionados co relato bíblico da unidade. | | |
| CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso. | Explica cando se celebra a Pascua xudía. | | |
| CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común. | Explica que a resurrección de Xesús é o evento máis importante para os cristiáns. Explica por que a alegría e a paz son trazos esenciais da vida cristián. | | |
| CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións. | Responder preguntas sobre o tempo de Pascua. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa. - Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. - A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas. |

Contidos

- A paixón, morte e resurrección de Xesús e a celebración da Pascua na Igrexa.
- O Credo da Igrexa católica.
- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.
- Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------|----------|
| 7 | Somos quen de mellorar. | 4 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade. | Identifica o significado que transmiten as imaxes | TI | 100 |
| CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade. | Recoñece as propias limitacións. | | |
| CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes. | Explica que a Igrexa invita a vivir o Evanxeo. | | |
| CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade. | ¿Expresa o seu compromiso para fortalecer a autoestima. | | |
| CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común. | Completa frases para descubrir a percepción de un mesmo. | | |
| CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes. | Nomea algúns datos relevantes sobre a Orde Hospitalaria de San Xoán de Deus. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural. | Describe unha obra de arte relacionada coa pasaxe bíblica da unidade . | | |
| CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas. | Responder preguntas sobre o relato bíblico. Explica a labor das relixións para acadar a transformación social. | | |
| CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común. | Define coas súas propias palabras a Doutrina Social da Igrexa. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas. - A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián. - A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá. - Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. - Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá. - Compromiso e transformación social na acción da Igrexa. - Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------------|-----------------|
| 8 | convivimos en democracia. | 4 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade. | Explica en que consiste a democracia. Explica a importancia de participar nas decisións importante, exercendo o dereito a voto. | TI | 100 |
| CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes. | Identificar actitudes de unha persoa servizal. | | |
| CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubriendo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais. | Nomea algúns datos relevante sobre a vida de San Ignacio de Loyola. | | |
| CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común. | Expresa o seu compromiso para practicar o valor de servir aos demais. | | |
| CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural. | Identificar nunha obra de arte elementos relacionados co relato bíblico da unidade. | | |
| CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas. | Responde preguntas relacionadas co relato bíblico Explicar que os líderes relixiosos protexen e defenden os dereitos dos crentes | | |
| CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común. | Indica como defende a Igrexa os valores democrático. Explica como os cristiáns comprométese para cumprir os valores democráticos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá. - A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián. - A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. - Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática. - Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-----------------------------|-----------------|
| 9 | Coñecemos o arte relixioso. | 4 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubriendo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais. | Dialogar sobre a harmonía a partir de diversos textos. Nomea algúns datos relevantes sobre o vida de san Lázaro de Constantinopla. Expresar o compromiso adquirido para manter a harmonía. | TI | 100 |
| CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes. | Identificar aspectos relevante nunha obra da arte vinculada unidade. | | |
| CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural. | ¿Explicar que moitas das obras artísticas das diferentes relixións forman parte do patrimonio artístico da humanidade. | | |
| CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas. | Responde preguntas sobre o relato bíblico. | | |
| CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso. | Identificar diferentes obras de arte. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais. - Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. |

Contidos

- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación.
- Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O fin último da escola non pode restrinxirse á transmisión de informacións e coñecementos, senón que ha de provocar o desenvolvemento integral. Busca estimular e acompañar de forma personalizada o crecemento e aprendizaxe de cada alumno/a

Coa LOMLOE promocionase unha metodoloxía que fomente a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; como docente paso a ser xestor/a de coñecemento do alumnado, e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo, para que adquira as competencias adecuadas á súa idade. Por iso partirei dos coñecementos que ten o alumnado e da súa experiencia e, utilizarei, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Prepara ao alumnado para a vida, ensinándoos a comprender e valorar con espírito crítico.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros. E axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Ademais, a aprendizaxe competencial en Relixión completárase cunha metodoloxía indagativa: con traballo cooperativo e interdisciplinar. Polo tanto, intentarei, establecer unha fonte de conexión entre as distintas áreas pódome de acordo con outros mestres/as para algunhas actividades comúns e a través da realización de proxectos.

E, coma os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplicalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

a) OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

1) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e, inclusiva, que preste especial atención á diversidade do alumnado e con actividades que teñan sentido para o alumnado xa que partiremos dos problemas e as situacións reais da aula.

2) Asegurar aprendizaxes dinámicas, construtivas e significativas, e globalizadoras. Que axuden a desenvolver todas as capacidades do alumno/a: ver, xulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea.

Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar a significatividade do aprendido e a súa aplicabilidade á vida. E, de xeito progresivo, baseándome no principio de continuidade. Ao mesmo tempo, esíxeme coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvemento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida. O aprender a aprender, desde a aprendizaxe colaborativa entre alumnado e mestre/a, e desde a cooperación no traballo especialmente para a resolución de problemas que poidan xurdir na convivencia de aula.

En reli, os alumnos/as iníciense no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no profundo do ser, irán descubríndoo nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso do curso e na humanización consciente, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborando cos seus compañeiros/as, como unha forma de vivenciar e experimentar

todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

3) Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma, baseada en proxectos, conectada coa vida e lúdica, que esperte o entusiasmo e interese por saber. Moi participativa, e con formas de organización que a favorezan. Así penso que fomentarei o seu espírito de colaboración e responsabilidade.

4) Potenciando a actividade. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno/a chegue a facer aquelas actividades que aínda non é capaz de realizar só/soa, pero si coa axuda convinte (zona de desenvolvemento potencial) se pode. O mesmo tempo proporei maior participación dos nenos/as na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros e compañeiras, fomentado desde o voluntariado.

Para todo isto:

- Partirei da avaliación inicial, específica e global. Analizarei os seus coñecementos previos.
- Motivarei adecuadamente. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, despertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender. Para conseguilo, promoverei o interese desde a motivación, o estímulo e o traballo tanto persoal como en equipo, base do crecemento persoal, orientando ao alumnado para que se valore a si mesmo/a, e descubra as súas aptitudes e acepte as súas limitacións, respectando seus ritmos e estilos de aprendizaxe. Con proxectos significativos e desde a resolución colaborativa de problemas
 - Fomentarei a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, e coa finalidade de fomentar súa autonomía
 - Un punto que considero importante é que tamén atendenderei ao seu ámbito emocional, facilitando que adquira técnicas de autorregulación das súas propias emocións pois forma parte da súa educación integral, e promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.
 - Terei en conta as características persoais de cada alumno/a. No artigo 4 do Ensino básico sinalase: "Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (...) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe".

b) O AGRUPAMENTO DOS GRUPOS

- Gran grupo.
- Pequeno grupo.
- Traballo de mesa individual...

Os criterios de distribución do alumnado na aula establecerenos en función de cal sexa a actividade que se desenvolva, e/ou segundo as características e necesidades do alumnado en base a natureza disciplinar da actividade. Establecerei agrupamentos fixos e, variarán segundo o criterio que teña establecido cada titor/a na súa aula, ou preferiblemente de xeito individual en último caso.

c) A ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

Adaptado aos alumnos/as. Tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento. Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión de Relixión.

Será unha organización o mais flexible posible adaptándome á idade, actividade, motivación...

Pretendo que os nenos/as sexan dinámicos e se sintan motivados nas clases de Reli, tanto a nivel individual como en grupos reducidos ou gran grupo; deste xeito se amosará a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Material específico e convencional da aula |
| Material impreso |
| Material informático e medios audiovisuais. TIC e TAC |

| |
|---|
| Material non específico. Material do medio natural, de refugallo... |
| Materiais diversos |
| Recursos persoais ou humanos |
| Material funxible variado |

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE "Ensino básico" sinálase "Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe".

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:

Material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, sillas, paneis, xogos e puzzles, Biblioteca de aula...

Material impreso, coma os libros: a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics, libros de personaxes sagrados, xogos de cartas (a vida de Xesús), parábolas en láminas de cores...

Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TIC e TAC): ordenador con conexión a internet, canón de video, app "Biblia infantil", CDs, páxinas web, xogos informáticos, películas animadas do Antigo e do Novo Testamentos...

Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Podemos clasificalo en natural (o que recolleemos no patio, nunha saída... como pedriñas, follas, piñas para decorar nas datas de Nadal...). E, material reciclado. Isto é material que daremos unha segunda vida reutilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas dentro da nosa clase de relixión (ademais traballamos o tema transversal de educ. para o consumo e a educación ambiental) Ex: vasos de iogur, tapas de botella, botellas de plástico pequenas, rolos de papel hixiénico... para que o alumnado, coa nosa revisión, sexa quen de elaborar seus propios xogos ou adornos.

Materiais diversos: que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, Kamishibai, láminas, fotografías,...

Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores e familias ou visitas, e institucións locais, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna.

Material funxible variado: lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores, plastilina, cola, pegamento, tesoiras,...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso preciso partir dos coñecementos previos que ten o meu alumnado e válome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.

A avaliación inicial ao principio de cada curso, fareina con actividades lúdicas moi sinxeliñas, en concreto, con charlas e xogos de mesa.

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención mais específicas, e de recuperación, que considere mais oportunas para cada alumno/a

E, ao comezo de cada Unidade Didáctica, aproveitarei para facer unha avaliación inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 15 | 10 | 10 | 10 | 15 | 10 | 10 | 10 | 10 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A Avaliación continua levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que estableceréi con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grado) permitiranme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

a) Parte actitudinal: 45%

Aproveitamento do tempo.

Esfuerzo e participación con interese en cada sesión.

Respecto aos mestres/as e aos compañeiros/as

Respecto ás normas de funcionamento na clase.

Atende e participa nas explicacións.

Responde as preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística)

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais: 15%

O traballo está completo e corrixido. Presentación e limpeza.

Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais...)

c) Parte procedimental (actividades mais prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital): 30%

Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...

Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole...

d) Comportamento en xeral na aula: 10%

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación será o de avaliación continua, como xa comentei con anterioridade, onde o alumno/a será avaliado constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

Criterios de recuperación:

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, con propostas sinxelas de reforzo...

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, solicitaréi axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

6. Medidas de atención á diversidade

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste das cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Comunicación audiovisual. TIC e TAC | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Fomento da creatividade | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación para a PAZ. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Comprensión da lectura | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.10 - Expresión oral e escrita, positivas | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.11 - Fomento do espírito científico | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.12 - Fomento do emprendemento | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.15 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.16 - Educación para o emprego responsable do tempo libre e lecer | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 |
|---|------|
| ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo | X |
| ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero | X |
| ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes | X |
| ET.4 - Comunicación audiovisual. TIC e TAC | X |
| ET.5 - Competencia dixital | X |
| ET.6 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental | X |
| ET.7 - Fomento da creatividade | X |
| ET.8 - Educación para a PAZ. | X |
| ET.9 - Comprensión da lectura | X |
| ET.10 - Expresión oral e escrita, positivas | X |
| ET.11 - Fomento do espírito científico | X |
| ET.12 - Fomento do emprendemento | X |
| ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | X |

| | UD 9 |
|---|------|
| ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual | X |
| ET.15 - Educación emocional e en valores | X |
| ET.16 - Educación para o emprego responsable do tempo libre e lecer | X |

Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de e-A:

* Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.

* Igualdade entre mulleres e homes.

* Comunicación audiovisual e TIC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

* Competencia dixital

* O fomento da creatividade no alumnado

* Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental

* Educación moral e para a PAZ. Durante o curso traballaremos o control da respiración e os momentos de silencio

* Comprensión da lectura. A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita máis éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.

* Expresión oral e escrita, positivas

* Se fomentará o espírito científico, e o emprendemento

* Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible

* Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual

* Educación emocional e en valores

* Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma: o respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---------------------------|---|----------|----------|----------|
| Os nosos Beléns | Material non decidido polo momento o que empreguemos como base para a elaboración destes Beléns que levaremos para decorar nas nosas casas. ncional da aula | X | | |
| Lecturas felices no patio | Saídas ao patio que faremos con obxectivo de admirar a beleza do mundo que nos rodea e ler distintos textos | X | X | X |

Observacións:

A LOMLOE no artigo 5bis, di:

"A educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que se dirixen a persoas de calquera idade con especial interese na infancia e a mocidade, que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social tales como a capacitación persoal, promoción de valores comunitarios, animación sociocultural, participación social, mellora das condicións de vida, artística, tecnolóxica, lúdica ou deportiva, entre outros. Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade"

As actividades complementarias que propoño serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo |
| Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo. |
| Priorizo os valores cristiáns e procedementos, sobre os conceptos |
| Vínculo o aprendizaxe ca vida real. |
| Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe. |
| Fomento a autoavaliación e a coavaliación. |
| Evito calquera maneira de discriminación cara o alumnado. |
| Emprego na dinámica de aula os recursos e materiais dos que dispón. |
| Téñense en conta as características particulares de cada alumno/a |
| A atención é personalizada,e axeita á diversidade do alumnado |
| Potencio a participación dos alumnos na aula |
| Respecto os aspectos confidenciais da miña profesión |
| Asumo as funcións do meu posto de traballo |
| Busco un clima de benestar cos meus compañeiros e compañeiras |
| Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro |
| Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes. |

Descrición:

Na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, establécese a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.No seu art.26 especificase a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente dentro deste marco e tendo como fin a avaliación do proceso de ensino e da propia práctica baseareina na análise e valoración da

miña intervención educativa nas aulas para adaptala ás características e necesidades do alumnado. Así, na miña programación didáctica establezo os anteriores indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente. Estes indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente tereinos en conta para realizar o seguimento das programacións didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Metodoloxía empregada :

Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo.

Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo.

Vínculo o aprendizaxe ca vida real.

Evito calquera maneira de discriminación cara o alumnado.

Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe.

Fomento a autoavaliación e a coavaliación.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos:

Emprego na dinámica de aula os recursos e materiais dos que dispón.

Medidas de adaptación á diversidade:

Adapto as actividades a diversidade da aula.

Clima de traballo na aula:

Potencio a participación dos alumnos na aula.

Outros:

Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes.

Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro.

Coordinación co resto dos equipos docentes e cos pais ou titores legais:

Respecto os aspectos confidenciais da miña profesión

Asumo as funcións do meu posto de traballo

Busco un clima de benestar cos meus compañeiros.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------------|----------|---------------|
| 36019104 | CEIP Plurilingüe Nantes | Sanxenxo | 2024/2025 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Ciencias da Natureza | 6º Pri. | 2 | 70 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 13 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 13 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 14 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 14 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 15 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 16 |
| 7.2. Actividades complementarias | 17 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro | 17 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 18 |
| 9. Outros apartados | 18 |

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de ciencias da natureza no CEIP Plurilingüe Nantes, concello de Sanxenxo (Pontevedra). Este centro é de liña un, contando con 8 unidades (2 de educación infantil e 6 de educación primaria).

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no sexto curso da etapa, polo que conta con once anos de idade aproximadamente. Son 13 alum@s (4 nenas e 9 nenos), e forman un grupo moi heteroxéneo.

O obxectivo principal da área de Ciencias da Natureza é que as nenas e nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas co mundo en que viven, escomezando pola contorna máis cercana, que ofrece moitos recursos, xa que o centro está emprazado nunha zona rural, rodeado de natureza.

A materia que nos ocupa está organizada en catro bloques de contidos : "Cultura Científica" , "A vida no noso planeta", "Materias, forzas e enerxía" e "Tecnoloxía e dixitalización".

Así, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas coa materia, as forzas e as formas de enerxía; o respecto cara a súa contorna a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), así como o funcionamento do corpo humano, para abordar a importancia do coidado da saúde e o benestar emocional. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-------|----|---------|-----|-------|-------|----|------|
| OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural. | 1-2-3 | | 2-4 | 1-2 | | 4 | | |
| OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social. | | | 5 | | 1-2-3 | 3 | | |
| OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable. | | | 1-2-4-5 | 1 | | 4 | 1 | 1 |
| OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, co coidado e coa protección das persoas e do planeta. | 5 | | 2-5 | | 4 | 1-3-4 | 1 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----------|-------|----|-----|------|
| OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo. | 3 | | 4 | 1-2-3-4-5 | | | | 4 |
| OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas. | | | 3-4 | 5 | 3-4-5 | | 1-3 | 4 |

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | A IMPORTANCIA DA NUTRICIÓN | A función de nutrición do ser humano, os aparatos que interveñen nela e as pautas para unha alimentación saudable forman os contidos desta unidade. | 17 | 14 | X | | |
| 2 | A RESPIRACIÓN, A CIRCULACIÓN E A EXCRECIÓN | Nesta unidade o alumnado continuará coñecendo aparellos que interveñen na nutrición: respiratorio, circulatorio e excretor, así como hábitos saudables. | 17 | 14 | X | | |
| 3 | A FUNCIÓN DE RELACIÓN | Ao longo da unidade, os contidos centraranse na función de relación: coñecemento dos órganos dos sentidos, o sistema nervioso e o aparato locomotor. Ademais, traballaránse as pautas para unha boa saúde e a prevención de riscos e accidentes. | 17 | 11 | | X | |
| 4 | A ADOLESCENCIA, UNHA ETAPA DA VIDA | Nesta unidade o alumnado coñecerá os cambios físicos que sofre o seu corpo coa entrada na adolescencia, as características do aparato reprodutor feminino e masculino, ademais do seu coidado para previr enfermidades. | 17 | 11 | | X | |
| 5 | A ENERXÍA NAS NOSAS VIDAS | As diferentes formas de enerxía, as súas características e propiedades, así como as propiedades da materia, conforman o núcleo central desta unidade | 16 | 10 | | | X |
| 6 | INTERNET: UN MUNDO CONECTADO | Esta unidade do curso trata sobre as novas tecnoloxías, a busca segura e fiable de | 16 | 10 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 6 | INTERNET: UN MUNDO CONECTADO | información e as boas prácticas no uso de internet. | 16 | 10 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------------|----------|
| 1 | A IMPORTANCIA DA NUTRICIÓN | 14 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais. | Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os órganos e aparellos que interveñen na función de nutrición. | PE | 70 |
| CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene e a prevención de accidentes e enfermidades. | Coñecer os tipos de alimentos e os nutrientes que aportan, así como a importancia dunha alimentación saudable e segura. | | |
| CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación. | Formular preguntas e realizar predicións razoadas nas actividades da aula. | TI | 30 |
| CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural. | Buscar e seleccionar información de diferentes fontes, adquirindo léxico científico básico. | | |
| CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos e comunicar as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos. | Comunicar as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. - Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. - Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade. - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Coñecemento do corpo humano: anatomía e fisioloxía. Células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas. - Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano desde unha perspectiva integrada: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. |

Contidos

- A función da nutrición e os aparellos que interveñen (respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor).
- Pautas para unha alimentación saudable e sustentable: menús saudables e equilibrados. A importancia da cesta da compra e da etiquetaxe dos produtos alimenticios para coñecer os seus nutrientes e a súa achega enerxética.
- Principais enfermidades que afectan os aparellos e sistemas do organismo humano. Enfermidades relacionadas co proceso da alimentación e a aceptación do propio corpo. Pautas para a súa prevención.
- Pautas para a prevención de riscos e accidentes. Coñecemento de actuacións básicas de primeiros auxilios.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 2 | A RESPIRACIÓN, A CIRCULACIÓN E A EXCRECIÓN | 14 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais. | Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os órganos e aparatos relacionados coa respiración, circulación e excreción. | PE | 70 |
| CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene e a prevención de accidentes e enfermidades. | Razoar importancia dos hábitos de vida saudables e coñecer medidas de coidado relacionados cos órganos da nutrición para prever enfermidades. | | |
| CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación. | Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural. | TI | 30 |
| CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural. | Buscar e seleccionar información de diferentes fontes, adquirindo léxico científico básico. | | |
| CA1.3 - Diseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura e rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas. | Diseñar e realizar experimentos guiados. | | |
| CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, fomentando relacións afectivas saudables e reflexionando sobre o uso adecuado de novas tecnoloxías e a xestión do tempo libre. | Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses.
- Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións.

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. - Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade. - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos). - Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano desde unha perspectiva integrada: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. - A función da nutrición e os aparellos que interveñen (respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor). - Principais enfermidades que afectan os aparellos e sistemas do organismo humano. Enfermidades relacionadas co proceso da alimentación e a aceptación do propio corpo. Pautas para a súa prevención. - Pautas para a prevención de riscos e accidentes. Coñecemento de actuacións básicas de primeiros auxilios. - Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do sono, prevención e consecuencias do consumo de drogas, xestión saudable do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais, estratexias para o fomento de relacións sociais saudables e fomento do coidado das persoas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-----------------------|-----------------|
| 3 | A FUNCIÓN DE RELACIÓN | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais. | Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os órganos e aparellos que interveñen na función de relación. | PE | 70 |
| CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene e a prevención de accidentes e enfermidades. | Coñecer hábitos de vida saudables relacionados cos función de relación para previr enfermidades e accidentes. | | |
| CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación. | Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural. | TI | 30 |
| CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural. | Buscar e seleccionar información de diferentes fontes, adquirindo léxico científico básico. | | |
| CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos e comunicar as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos. | Comunicar as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, fomentando relacións afectivas saudables e reflexionando sobre o uso adecuado de novas tecnoloxías e a xestión do tempo libre. | Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. - Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. - Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade. - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano desde unha perspectiva integrada: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. - A función da relación. Os órganos dos sentidos, o sistema nervioso e o aparello locomotor. - Principais enfermidades que afectan os aparellos e sistemas do organismo humano. Enfermidades relacionadas co proceso da alimentación e a aceptación do propio corpo. Pautas para a súa prevención. - Pautas para a prevención de riscos e accidentes. Coñecemento de actuacións básicas de primeiros auxilios. - Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do sono, prevención e consecuencias do consumo de drogas, xestión saudable do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais, estratexias para o fomento de relacións sociais saudables e fomento do coidado das persoas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|------------------------------------|-----------------|
| 4 | A ADOLESCENCIA, UNHA ETAPA DA VIDA | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais. | Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os órganos e aparellos que interveñen na función de reprodución. | | |
| CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene e a prevención de accidentes e enfermidades. | Coñecer hábitos de vida saudables e de saúde relacionadas coa función de reprodución. | PE | 70 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación. | Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural. | TI | 30 |
| CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural. | Buscar e seleccionar información de diferentes fontes, adquirindo léxico científico básico. | | |
| CA1.3 - Diseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura e rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas. | Diseñar e realizar experimentos guiados. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. - Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. - Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade. - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos). - Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano desde unha perspectiva integrada: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. - A función da reprodución. O aparello reprodutor e os órganos que interveñen. - Os cambios físicos, emocionais e sociais que supón a puberdade e a adolescencia para aceptalos de forma positiva tanto nun mesmo como nos demais. Educación afectivo-sexual. - Principais enfermidades que afectan os aparellos e sistemas do organismo humano. Enfermidades relacionadas co proceso da alimentación e a aceptación do propio corpo. Pautas para a súa prevención. - Pautas para a prevención de riscos e accidentes. Coñecemento de actuacións básicas de primeiros auxilios. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------------|-----------------|
| 5 | A ENERXÍA NAS NOSAS VIDAS | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.1 - Identificar e analizar as características e as propiedades da materia a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas, os instrumentos e procesos adecuados. | Identificar as propiedades, características e organización da materia e dos materiais. | PE | 70 |
| CA3.2 - Recoñecer e explicar as diferentes formas e fontes de enerxía identificando os seus usos na vida cotiá e a súa influencia no desenvolvemento sustentable. | Explicar e identificar as formas e fontes de enerxía identificando os usos na vida cotiá. | | |
| CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación. | Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural. | TI | 30 |
| CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural. | Buscar e seleccionar información de diferentes fontes, adquirindo léxico científico básico. | | |
| CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos e comunicar as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos. | Comunicar as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica. | | |
| CA3.3 - Recoñecer a través de pequenas investigacións as propiedades do aire analizando os principios básicos do voo. | Realizar investigacións sobre as propiedades do aire. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. - Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. - Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade. - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Propiedades da materia. Concepto de densidade e a súa relación coa flotabilidade dun obxecto nun líquido. - Realización de experiencias para estudar as propiedades de diferentes materiais de uso común. - As fontes de enerxía renovables e non renovables e a súa influencia na contribución ao desenvolvemento sustentable da sociedade. - As formas de enerxía e as súas transformacións. - As propiedades do aire e a súa interacción cos obxectos dependendo da súa forma. As forzas implicadas no voo. Principios básicos da aerodinámica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|------------------------------|-----------------|
| 6 | INTERNET: UN MUNDO CONECTADO | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación. | Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural. | TI | 100 |
| CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural. | Buscar e seleccionar información de diferentes fontes, adquirindo léxico científico básico. | | |
| CA1.3 - Diseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura e rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas. | Diseñar e realizar experimentos guiados. | | |
| CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, fomentando relacións afectivas saudables e reflexionando sobre o uso adecuado de novas tecnoloxías e a xestión do tempo libre. | Realizar actividades asumindo responsabilidades e establecendo acordos de maneira dialogada, usando unha linguaxe respectuosa. | | |
| CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. | Utilizar os recursos educativos dixitais de forma segura e responsable, buscando información, comunicándose de maneira respectuosa, traballando de maneira individual e en equipo, respectando as normas e creando contidos sinxelos. | | |
| CA4.2 - Expor problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou dunha solución dixital, avaliando as necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos. | Avaliar as necesidades, establecer obxectivos e deseñar elementos que resolvan os problemas atopados. | | |
| CA4.3 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de pensamento de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos. | Diseñar posibles solucións aos problemas expostos empregando diferentes estratexias de forma guiada. | | |
| CA4.4 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, os dispositivos, as técnicas e os materiais adecuados. | Desenvolver un produto final utilizando ferramentas e dispositivos sinxelos. | | |
| CA4.5 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos. | Comunicar o deseño dun produto final, explicando os pasos seguidos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A ciencia, a tecnoloxía e a enxeñaría como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero relacionadas co desenvolvemento de hábitos de vida sustentable e co coidado do planeta. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. |

Contidos

- Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo.
- Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade.
- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.
- Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do sono, prevención e consecuencias do consumo de drogas, xestión saudable do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais, estratexias para o fomento de relacións sociais saudables e fomento do coidado das persoas.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
 - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
 - Estratexias de procura de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual).
 - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.
 - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para recoller e comunicar información (formato de texto, axuste de páxina, inserción de imaxes). Xestión de arquivos.
 - Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
 - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
 - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados etc.) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
 - Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima.
 - Fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema).
 - Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos.
 - Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e do dos demais como oportunidade de aprendizaxe.
 - Deseño, prototipo, proba e avaliación dun proxecto de deseño sinxelo que teña relevancia na súa contorna.
 - Construción de proxectos sinxelos, utilizando de forma guiada diferentes materiais, ferramentas, obxectos, dispositivos e recursos dixitais seguros e adecuados para a consecución do proxecto.
 - Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores, motores, impresión 3D).
 - Presentación dos proxectos desenvolvidos, utilizando diferentes soportes e estratexias de comunicación, explicando de forma oral e escrita as estratexias seguidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

- A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e da súa contorna próxima, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.

- Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo.

- Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos... nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.

- Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

Para levar a cabo estas actividades:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.

- As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

- Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos contidos.

- Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|-----------------------|
| Recursos persoais |
| Recursos materiais |
| Recursos tecnolóxicos |
| Recursos dixitais |
| Recursos espaciais |

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o persoal especialista en AL e PT, profesorado titor, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden no noso labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina, material de laboratorio, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, circuitos eléctricos, pizarras dixitais, proxectores, tablets.

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (Scratch, mblock ou makeblock), plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, así como os diversos espazos

da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades de expresión oral e escrita, comprensión oral e escrita, busca de información guiada...

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 17 | 17 | 17 | 17 | 16 | 16 | 100 |
| Proba escrita | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 0 | 59 |
| Táboa de indicadores | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 100 | 41 |

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, que son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán sobre todo probas obxectivas (orais e/ou escritas), tarefas e fichas avaliábeis, que versarán sobre contidos de cada unidade.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o traballo do caderno de clase, o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, o respecto polos compañeiros e a capacidade de seguir instrucións e expresión e comunicación de resultados.

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas: 70%. Táboas de indicadores 30%

UNIDADE 2: Probas escritas: 70%. Táboas de indicadores 30%

UNIDADE 3: Probas escritas: 70%. Táboas de indicadores 30%.

UNIDADE 4: Probas escritas: 70%. Táboas de indicadores 30%

UNIDADE 5: Probas escritas: 70%. Táboas de indicadores 30%

UNIDADE 6: Táboas de indicadores 100%

De cara a avaliación final, o peso da nota de cada trimestre será o seguinte:

1º TRIMESTRE: 34%

2º TRIMESTRE: 34 %

3º TRIMESTRE: 32%

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa igual ou maior que cinco.

Cualificacións: O resultado da avaliación expresarase con cualificacións numéricas enteiras nos niveis:

- 0 a 4 puntos: Insuficiente (IN).
- 5 puntos: Suficiente (SU).
- 6 puntos: Ben (BE).
- 7 e 8 puntos: Notable (NT).
- 9 e 10 puntos: Sobresaliente (SB).

Grao mínimo de consecución para superar a materia: O alumnado deberá acadar como mínimo o 50% do 100% na avaliación final para superar a materia, é dicir, 5 puntos dos 10 totais.

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas. Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características. Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

O grupo ao que se destina esta programación é heteroxéneo tanto nas aprendizaxes previas, as súas experiencias, como nas características de cada un dos seus membros. Polo tanto, este dato é preciso telo en conta xa que os ritmos e os modos de aprender van ser diferentes.

Ante as dificultades que poidan aparecer nas situacións de aprendizaxe plantexadas, terase en conta:

- No caso de deficiencias no coñecemento de contidos, datos, saberes de área: traballarase a través de ensino individualizado, coa implementación de anotacións persoais, apoios e reforzo educativo, actividades en diferentes niveis de dificultade que permitan o avance do/a alumno/a (DUA).
- Os agrupamentos dentro da aula dependerán do contexto da aprendizaxe. Tratarase de desenvolver habilidade sociais, ademais de fomentar hábitos de responsabilidade, resolución de conflitos, iniciativa propia, orixinalidade, diálogo...
- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

De non ser estas medidas suficientes, teránse en conta as medidas extraordinarias, como: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como, no caso do alumnado que non poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas, unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|--|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia. | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - A participación en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

Segundo o recollido no artigo 17 (elementos transversais) do Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, na posta en práctica desta programación traballarase de xeito transversal: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

Ademais dos elementos transversais citados anteriormente, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--------------------|--|----------|----------|----------|
| Conmemoracións | Celebración das conmemoracións establecidas na PXA | X | X | X |
| Festividades | Celebración as festividades tradicionais do ciclo anual | X | X | X |
| Saídas didácticas | Participación nas saídas didácticas organizadas | X | X | X |
| Outras actividades | Participación noutro tipo de actividades, como obradoiros, charlas, PDI do centro, programas educativos... | X | X | X |

Observacións:

Estas son algunhas das posibles actividades complementarias a realizar durante o curso dende a área de Ciencias da Natureza. Segundo as necesidades que se vaian presentando poderán engadirse máis ou modificar algunhas delas.

En todas as actividades programadas tratarase de fomentar a convivencia, desenvolver actitudes de solidariedade e irmandade entre o alumnado e profesorado, ademais de salientar valores sociais, culturais e morais, imprescindibles para o bo progreso dos individuos como seres sociais.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| A temporalización das UD foi axeitada. |
| O 80% do alumnado acadou unha avaliación positiva na área. |
| Avaliouse seguindo os instrumentos de avaliación fixados na programación docente. |
| Metodoloxía empregada |
| Empregáronse diferentes estratexias e/ou recursos para a presentación de novas situacións de aprendizaxe. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Flexibilizáronse os tempos, instrumentos, contidos... en función das necesidades do alumnado. |
| Modificouse a práctica docente ante as dificultades de aprendizaxe do alumnado. |
| Clima de traballo na aula |
| Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado. |

| |
|--|
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado. |
| Coordinouse de xeito adecuado co resto do equipo docente. |

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada do noso labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- Realizárase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------------|----------|---------------|
| 36019104 | CEIP Plurilingüe Nantes | Sanxenxo | 2024/2025 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Ciencias Sociais | 6º Pri. | 2 | 70 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 17 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 17 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 18 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 18 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 19 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 19 |
| 7.2. Actividades complementarias | 20 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 21 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 21 |
| 9. Outros apartados | 22 |

1. Introducción

A programación docente do 6º Nivel no CEIP Plurilingüe de Nantes vai ser o instrumento específico de planificación, desenvolvemento e avaliación de cada unha das áreas do currículo, na que se concretan os obxectivos, as competencias básicas, os contidos, os diferentes elementos que compoñen a metodoloxía, as actividades, os criterios, os procedementos e instrumentos de avaliación.

Está integrada no PLAN XERAL ANUAL, e está elaborada pola mestra titora atendendo á necesaria coordinación cos demais mestres que imparten as diferentes áreas que integran o 6º nivel.

Neste curso 2024/25 no 6º curso escolarízanse un total de 13 alumnos e alumnas e forman un grupo moi heteroxéneo.

Propónse unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

Ao longo deste curso académico se traballarán de forma intradisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia:

- Bloque 1: Ciencia e tecnoloxía.
- Bloque 2: O mundo e o desenvolvemento sostible.
- Bloque 3: Vivir en sociedade.
- Bloque 4: Leccións do pasado.

Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-------|----|---------|-----------|-------|----|----|------|
| OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede. | 3 | | 4 | 1-2-3-4-5 | | | | 4 |
| OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural. | 1-2-3 | | 2-4 | 1-2 | | 4 | | |
| OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e as propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable. | | | 1-2-4-5 | 1 | | 4 | 1 | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|-------|----|------|
| OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta. | 5 | | 2-5 | | 4 | 1-3-4 | 1 | |
| OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos. | 3 | | 4 | | 4 | 1-3 | 2 | 1 |
| OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea. | | 3 | | | 3 | 1-2-3 | | 1 |
| OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, aos dereitos humanos e da infancia e aos principios e valores do Estatuto de autonomía de Galicia, da Constitución española e da Unión Europea, valorando a función do Estado e das súas institucións no mantemento da paz e da seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. | 5 | | | | 1 | 1-2-3 | | 1 |

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | COIDAMOS O NOSO CONTORNO NATURAL | Nesta primeira unidade, a situación de aprendizaxe motiva o alumnado a reflexionar sobre o descoñecido, descubrir novos mundos e explorar sobre como ampliar os límites do noso planeta. Para iso, a astronomía, como ciencia que estuda o | 17 | 12 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | COIDAMOS O NOSO CONTORNO NATURAL | universo e todo o que hai nel, axúdanos a desentrañar os misterios do espazo e a responder preguntas acerca do universo e o que contén. | 17 | 12 | X | | |
| 2 | CLIMAS E PAISAXES DA TERRA | Nesta unidade, a situación de aprendizaxe orientará os seus obxectivos cara á análise do aumento dun grao centígrado nas temperaturas do noso planeta nos últimos tempos e as consecuencias que isto está tendo nas nosas paisaxes e no noso contorno natural. Coñecerase de que xeito as actividades humanas modifican as condutas climáticas e se vai axudar a que o alumnado reflexione sobre o mellor modo de protexer as paisaxes de secas, desxeo dos casquetes polares, incendios ou inundacións que están cambiando o aspecto do noso contorno natural. | 16 | 11 | X | | |
| 3 | A ECONOMÍA E O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE | Nesta unidade a situación de aprendizaxe invita as alumnas e os alumnos a reflexionar sobre as diferentes desigualdades que hai no mundo e a propoñer achegas que garantan un desenvolvemento sostible que non deixe ninguén atrás e permita mellorar as condicións de vida de todos os habitantes do planeta e, ademais, sexa compatible co respecto do medio ambiente. | 17 | 11 | | X | |
| 4 | .ESPAÑA E A UNIÓN EUROPEA | Nesta unidade analízase que a Unión Europea é o resultado dunha longa historia na que 27 países souberon deixar de lado as diferenzas e aproveitar o mellor de cada un deles para avanzar na paz e no benestar económico e social da súa cidadanía. A situación de aprendizaxe desta unidade está orientada cara ao mellor entendemento por parte dos estudantes deste espazo común, a súa historia, a súa proxección cara ao futuro e a capacidade de realización de novos retos aos que facer fronte e problemas aos que dar solución. | 17 | 12 | | X | |
| 5 | QUE HERDAMOS DO SÉCULO XIX? | Nesta unidade trátase de que o alumnado coñeza que, co inicio da Revolución Francesa e a caída dun rei absolutista polo levantamento popular, se inicia a Idade Contemporánea, que chega ata os nosos días. Debaterase sobre como a partir deste momento se producen moitos cambios nas formas de goberno, nas actividades económicas, na vida cotiá das persoas, na ciencia e na cultura. A situación de aprendizaxe desta unidade está centrada na investigación por parte | 17 | 12 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 5 | QUE HERDAMOS DO SÉCULO XIX? | das alumnas e os alumnos de toda esta herdanza que deixou a Idade Contemporánea nas nosas vidas. | 17 | 12 | | | X |
| 6 | O NOSO PASADO MÁIS RECENTE | A situación de aprendizaxe desta unidade vai descubrir as distintas etapas da historia máis recente de España e os cambios que durante o século XX se foron producindo na sociedade española. Destacarase o avance cara á democracia, onde se respectan os dereitos e liberdades de todas as persoas, e os estudantes deberán ser capaces de valorar todos estes cambios e as súas consecuencias en toda a sociedade. | 16 | 12 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------------------|----------|
| 1 | COIDAMOS O NOSO CONTORNO NATURAL | 12 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural. | Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes | PE | 70 |
| CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados. | Analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do mundo natural | | |
| CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen. | Establecer conexións entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural. | | |
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos e respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

En liñas xerais, tratarase de lograr unha aprendizaxe significativa, con métodos, estratexias e ferramentas que estimen e potencien o proceso de ensinanza e aprendizaxe. A metodoloxía da área de Educación Plástica será principalmente manipulativa e experiencial, a través do tratamento de diferentes conceptos, técnicas e breves contidos teóricos sobre a cor, o volume, a liña, o punto entre outros.

Empregarase a aula de plástica para o desenvolvemento das actividades, onde contamos con catro mesas amplas de traballo nas que se poderán desenvolver actividades individuais e grupais.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

As principais estratexias metodolóxicas a empregar ao longo do curso nesta área serán:

- Promoción da curiosidade, a motivación e a imaxinación.
- Fomento do pensamento crítico e a creatividade.
- Realización de tarefas integradas, facendo uso dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores.
- Realización de actividades adaptadas á diversidade do alumnado.
- Fomento da participación activa e cooperativa.
- Valoración dos erros de forma positiva de xeito que sexan fonte de aprendizaxe cando se produzan.
- Empregar diferentes tipos de agrupamentos segundo a tarefa a realizar.
- Realización de postas en común para o análise das diferentes producións e valoración das obras artísticas.
- Integranse as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Favorecerase a experimentación, a expresión e a produción artística.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Obxectos reais da contorna, tanto naturais (follas secas, area, pedras, paus), coma artificiais (papeis de distintas texturas, limpiapipas, teas, cepillos de dentes). |
| Materiais de refugallo: cartóns, xornais, envases. |
| Material específico da área: cartolinas, ceras, rotuladores, témperas, tesoiras, pegamento, regras, bloc de debuxo. |
| Materiais dixitais: pizarra dixital, táblets. |
| Páxinas web e apps: Aula virtual, Red Ted Art, Avatar Maker, Artisto, Pinterest, Paint, GarticPhone. |
| Espazos do centro: aula de plástica, aula de informática e patio. |

Estes son os materiais que máis se van a utilizar, pero poden engadirse máis para actividades específicas que poidan xurdir ao longo do curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras sesións realizaranse actividades nas que o alumnado aplique técnicas básicas propias de educación plástica tales como: debuxo de formas básicas e simples, diferentes técnicas de coloreado, recortado, pregado, etc. Para avaliar isto empregarase a observación sistemática coa axuda dun anecdotario e o análise das producións realizadas.

No caso de detectar dificultades individuais, realizarase un plan de reforzo para facer acadar o nivel do grupo a aquel discente que o precise. Para iso, se fará un seguimento mais exhaustivo do mesmo, reforzaranse os contidos na aula e/ou materiais anexos que permitan que recupere aqueles aspectos que presente con maior dificultade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | Total |
|-----------------------|------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 18 | 18 | 24 | 40 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1o trim.: UD1 60% + UD4 40%

-2o trim.: UD2 60% + UD4 40%

-3o trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1o trim. 30%
- 2o trim. 30%
- 3o trim. 40%

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre.

Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

Comunicación disto á familia, mediante a axenda do alumnado e/ou a través do Abalar, así como do xeito de como pode recuperar dita UD.

Reforzo dos contidos que quedaron pendentes de adquirir.

Ademais, se estes non foren acadados trimestralmente, isto poderá ser acadado de cara á avaliación final. Téñase en conta que, por un lado, na UD3 recóllense todos os CA das UD1 e UD2 e, por outro lado, a UD4 trabállase en todos os trimestres.

6. Medidas de atención á diversidade

O grupo ao que se destina esta programación é heteroxéneos tanto nas aprendizaxes previas, experiencias, como nas características de cada un dos/as alumnos/as.

Polo tanto, este aspecto debe ser contemplado xa que os ritmos e os modos de aprender van a ser diferentes.

Ante as dificultades que poidan aparecer na aula de plástica, as estratexias en principio contempladas serán:

- En canto deficiencias sobre o coñecemento da materia: reforzase a través das propias actividades contempladas que favorezan a súa comprensión e contribúan a un mellor desempeño das producións plásticas.
- Agrupacións diferentes segundo as actividades: trátase de xestionar o propio coñecemento e facer que aprendan e se retroalimenten grazas ó traballo en grupo. Este aspecto será contemplado de cara a diversidade xa que a priori os grupos de iguais son máis favorables cara a aprendizaxe que o dirixido a través dun adulto, neste caso dende o mestre. Este tipo de traballo tamén será positivo para desenvolver habilidades sociais naqueles nenos/as que presenten dificultades neste eido ademais de fomentar hábitos de responsabilidade, resolución de conflitos, iniciativa propia, orixinalidade, diálogo, etc.
- Xestión dos tempos: teranse en conta as características do alumnado na entrega de tarefas flexibilizando estes se é necesario.

No caso de alumnado con dificultades de aprendizaxe, levaranse a cabo as seguintes pautas de actuación:

- Explicacións breves, claras e concisas.
- Secuenciar as actividades.
- Crear un clima de tranquilidade onde sexa máis fácil manter a atención.
- Verificar que todo o alumnado comprende as tarefas despois das pertinentes explicacións.
- Flexibilización do tempo asignado a cada tarefa. Estas medidas poderán ser ampliadas e/ou modificadas dependendo das características que presente o alumnado no momento de aplicalas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---------------------------------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|--|------|------|------|------|
| ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e emprendemento | X | X | X | X |
| ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos. | | X | | |
| ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible. | X | X | X | X |
| ET.9 - Educación para a saúde | X | X | X | X |

Observacións:

Os elementos transversais 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--------------------|--|----------|----------|----------|
| Conmemoracións | Celebración das conmemoracións establecidas na PXA | X | X | X |
| Festividades | Celebración das festividades tradicionais do ciclo anual. | X | X | X |
| Saídas didácticas | Participación nas saídas didácticas organizadas. | X | X | X |
| Outras actividades | Participación noutro tipo de actividades como obradoiros, chharlas, PDI do centro, programas educativos... | X | X | X |

Observacións:

Estas son algunhas das posibles actividades complementarias a realizar durante o curso dende a área de Educación Plástica e Visual. Segundo as necesidades que se vaian presentando poderán engadirse máis ou modificar algunhas delas. En todas as actividades programadas tratarase de fomentar a convivencia, desenvolver actitudes de solidariedade e irmandade entre o alumnado e profesorado, ademais de salientar valores sociais, culturais e morais, imprescindibles para o bo progreso dos individuos como seres sociais.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |

| |
|---|
| Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado. |
| Máis do 80% do alumnado superou a materia. |
| Revisouse a PD ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos. |
| Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida. |
| Avaliouse seguindo os instrumentos de avaliación fixados na programación docente. |
| Metodoloxía empregada |
| Empregáronse diferentes estratexias e/ou recursos para a presentación de novas situacións de aprendizaxe. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Modificouse a práctica docente ante as dificultades de aprendizaxe do alumnado. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Flexibilizáronse os tempos, instrumentos, contidos... en función das necesidades do alumnado. |
| Clima de traballo na aula |
| Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Aportouse información á persoa docente titor. |
| Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado. |

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada do noso labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada mes, revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------------|----------|---------------|
| 36019104 | CEIP Plurilingüe Nantes | Sanxenxo | 2024/2025 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Lingua castelá e literatura | 6º Pri. | 4 | 140 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 9 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 69 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 70 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 70 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 70 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 71 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 72 |
| 7.2. Actividades complementarias | 74 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 74 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 75 |
| 9. Outros apartados | 75 |

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de Lingua castelá e Literatura no CEIP Plurilingüe Nantes, concello de Sanxenxo. Este centro é de liña un, contando con 8 unidades (2 de EI e 6 de EP).

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no 6º curso de EP. Son 13 alumnos e alumnas que forman un grupo moi heteroxéneo.

A programación está integrada no PXA, e está elaborada pola mestra titora atendendo á necesaria coordinación cos demais mestres que imparten as diferentes áreas que integran o 6º nivel.

Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

A lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser partícipe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

Así pois, estruturamos esta área en 6 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:

- A lingua e os seus falantes.

- Comunicación oral.

- Comunicación escrita.

- Alfabetización mediática e informacional.

- Educación literaria.

- Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

Formúlanse 12 unidades didácticas nas que desenvolveremos a totalidade dos bloques de contidos durante o curso escolar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-------|-----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1-3 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas. | 2 | 2 | 1 | 3 | 3 | 3 | | |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | 1 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos. | 2-3-5 | 2 | 1 | 1 | 4-5 | | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 5 | 2 | | |
| OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual. | 3 | | | 1-2-3-4 | 5 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social. | 1-4 | | | 3 | 1 | | | 1-2-3 |
| OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria. | 1-2-4 | | | | | | | 1-2-3-4 |
| OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 5 | | | |
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 3 | 1-2-3 | | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | ¡LA UNIÓN HACE LA FUERZA! | Nesta primeira unidade do curso propónse reflexionar sobre cando dous ou máis persoas unen as súas ideas e os seus sentimentos, sinalando que así é moito máis fácil facer fronte a situacións problemáticas pois desta maneira sentimos apoiados e protexidos. Incídese en que desa unión tamén poden xurdir dificultades que se liquidarán a través do diálogo e a toma de acordos. Ao finalizar a unidade, o alumnado vai preparar unha campaña para animar a participar nunha actividade solidaria. Á súa vez, ao longo desta primeira unidade tamén se fará fincapé no mundo literario para descubrir persoas ilustres e lugares, relacionados. | 9 | 13 | X | | |
| 2 | PROTEGEMOS LOS BOSQUES | A unidade comeza poñendo o acento en que os bosques son un tipo de ecosistema no que coexisten multitude de animais e espazos verdes; sosteñen a vida e axudan a controlar o clima e as precipitacións. Ao comezo da unidade, expónse un diálogo grupal sobre este tema para que, en común, os estudantes reflexionen sobre a importancia de tomar medidas para protexelos e narrar experiencias propias que viviron neles. Para traballar os textos descritivos, o alumnado vai ler e interpretar un texto sobre a lonxevidade das árbores. Á súa vez, os estudantes comprobarán a fiabilidade da información recollida en noticias ambientais e, ao finalizar, buscarán información sobre plantas e árbores para elaborar un atlas de botánica. Deste xeito, a lingua utilízase como recurso para educar no medioambiente. | 8 | 13 | X | | |
| 3 | ¿RECUERDAS? | Nesta unidade reflexiónase sobre que os recordos son feitos ou situacións que ocorreron no pasado e que, co paso do tempo, volven á nosa memoria. Sínálase que algunhas maneiras de transmitir eses recordos son a través de fotografías, historias narradas, expresións orais etc. Ao longo desta unidade, imos poñer en práctica estas formas de representación para evocar recordos. Para finalizar, os estudantes elaborarán un álbum completo | 8 | 12 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 3 | ¿RECUERDAS? | con fotografías e textos. De forma paralela, o alumnado vai desenvolver a súa identidade lectora, expresando a súa opinión sobre un libro a través dunha vídeo apunta e, ademais, tentará xerar nos demais o interese pola lectura. | 8 | 12 | X | | |
| 4 | ¿QUÉ DICEN LOS ANIMAI? | Nesta unidade sinálase que os animais tamén se comunican entre eles mediante sinais visuais, olfativas, auditivas ou químicas para conseguir determinados obxectivos. Destácase que algúns deles tamén emiten mensaxes ás persoas para poder establecer un vínculo ou expresar estados de ánimo. A comunicación animal vai ser tema central desta unidade. Analizaranse aprendizaxes da lingua, como a exposición dun texto expositivo, a acentuación de frases interrogativas e exclamativas, os pronomes persoais, as páxinas web etc. Como actividade de peche, propónselle ao noso alumnado a redacción dunha noticia protagonizada por un animal. | 8 | 12 | X | | |
| 5 | ¿QUIÉN ES ARTISTA? | Esta unidade trata de analizar que os artistas son persoas dotadas da capacidade ou habilidade necesarias para algunha das belas artes: danza, pintura, música, literatura, etc. Na unidade que nos ocupa, o noso alumnado vai reflexionar sobre o traballo e as calidades dos artistas e, á súa vez, vai ofrecer a súa opinión sobre os seus gustos e preferencias nas distintas disciplinas artísticas. Os alumnos e alumnas traballarán os textos biográficos buscando datos informativos relevantes sobre un artista. De forma paralela, unindo as disciplinas artísticas da música e a literatura, organizarán un karaoke poético para que gocen da poesía. | 9 | 12 | | X | |
| 6 | ¿QUEDA AGUA? | Nesta unidade expónse a reflexión e o debate sobre que a auga é o líquido máis abundante da Terra e é considerado o recurso natural máis importante e indispensable para a vida. Propóñense medidas para o seu consumo responsable. Ao longo desta unidade vai transmitir esta mensaxe e a favorecer a reflexión do noso alumnado sobre este tema a partir da realización dun debate na aula, a interpretación dunha publicación nun blogue, o acceso a internet para investigar fontes fiables, a redacción dun artigo de opinión argumentado, etc. En definitiva, utilizaremos diferentes medios de comunicación para divulgar o valor da auga | 8 | 12 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 6 | ¿QUEDA AGUA? | e os seus coidados. | 8 | 12 | | X | |
| 7 | ¿NOS CUIDAMOS? | Nesta unidade expónse un debate inicial para que os alumnos e alumnas expresen as súas opinións sobre o tratamento da saúde, a práctica de hábitos saudables, a necesidade de coidarnos emocional e fisicamente etc. Propóñelles a realización dunha entrevista, coidando o seu formato e a súa estrutura, a un profesional da saúde que poida informarnos sobre algún tema interesante. De forma paralela, van coñecer de primeira man os trazos máis representativos do xénero teatral distinguindo entre as principais clases: as traxedias e as comedias. Para finalizar a unidade, propóñelles a aplicación práctica destes contidos a través da organización e representación dunha obra de teatro. | 8 | 11 | | X | |
| 8 | ¿CÓMO NOS DIVERTIMOS? | Na presente unidade, o noso alumnado vai comezar reflexionando sobre as actividades de lecer que realizamos no noso tempo libre e que nos permiten saír da rutina, cargarnos de enerxía e reforzar as relacións interpersoais, entre outros beneficios. Ao comezo da unidade, os alumnos e alumnas van reflexionar sobre por que as persoas necesitan divertirse e a determinar as súas propias formas de diversión comprándoa con algunhas que existían antigamente. No desenvolvemento da unidade, de forma transversal, traballaranse os usos da linguaxe empregados nas instrucións de xogos ou actividades e a súa correcta comprensión para poñelas en práctica. Para finalizar, o alumnado ha de redactar unha crónica sobre un espectáculo ao que lle gustaría asistir no seu tempo libre. | 8 | 11 | | X | |
| 9 | ¿QUEREMOS APRENDER! | Nesta unidade, preténdese transmitir a relevancia de aprender para poder desenvolvernos de maneira óptima. Incídese en que ter motivación e saber aplicar os nosos coñecementos á vida cotiá son os dous factores máis importantes para favorecer a aprendizaxe das curiosidades da lingua. O noso alumnado vai coñecer diversas formas de expresión e comunicación como os diarios e, á súa vez, vai mellorar as súas competencias vinculadas coa gramática, a ortografía e a literatura. | 9 | 11 | | | X |
| 10 | ¿COMEMOS SANO? | Nesta unidade van reflexionar e debater sobre unha alimentación saudable. Ao comezo da unidade propónse a participación nun debate para que os | 9 | 11 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 10 | ¿COMEMOS SANO? | alumnos e alumnas exprésense con seguridade e educación e reflexionen sobre os hábitos alimenticios. Vincularase este tema co da publicidade e, particularmente, coa relevancia que posúen os textos e as imaxes para influenciar ao público. O noso alumnado vai traballar a expresión escrita a partir da redacción de receitas e a elaboración dun libro de cociña sa, e tamén a comprensión de textos coa interpretación de etiquetas alimenticias. | 9 | 11 | | | X |
| 11 | ¿CÓMO SUENA? | Nesta unidade, partimos da participación nun diálogo grupal no que o alumnado vai reflexionar sobre que a música é unha disciplina artística que posúe un gran calado social, xa que está presente en multitude de situacións cotiás, e achéganos numerosos beneficios, tanto ao escoitala como ao interpretala. Estas cuestións, entre outras, consideraranse no debate inicial da unidade para fomentar o pensamento crítico do noso alumnado. De forma paralela, imos traballar a lectura e comprensión dos relatos mitolóxicos, e os estudantes continuarán familiarizándose coa utilización de diversos recursos poéticos como a personificación, a hipérbole e o paralelismo, determinarán cal é a vinculación entre a música e a poesía, e organizarán unha yincana literaria sobre autores e autoras. | 8 | 11 | | | X |
| 12 | ¿ESTÁ ENFERMO EL MAR? | Nesta última unidade do curso ponse o foco no estado dos nosos mares e os animais que viven neles. Como actividade inicial, propónse a participación nun debate para que en común reflexionen e determinen medidas para evitar que os residuos e a contaminación cheguen á auga. Ao finalizar a unidade, os estudantes van realizar un mural informativo sobre algún animal mariño, engadindo un texto e unhas imaxes de interese. De forma paralela, familiarizaranse cos textos xornalísticos e os seus distintos xéneros, valorando a importancia de contrastar o seu contido para pescudar se son noticias falsas ou fiables. | 8 | 11 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------------|----------|
| 1 | ¡LA UNIÓN HACE LA FUERZA! | 13 |

| Cráterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal. | Ler de manelra silenciosa e en voz alta textos escritos. | PE | 70 |
| CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita. | Alcanzar as destrezas e competencias lingüísticas | | |
| CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos. | Evitar discriminacións e prexuízos. | | |
| CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral establecendo diferenzas entre eles e o seu uso: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas. | Conocer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral | | |
| CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Producir textos escritos e multimodais coherentes. | | |
| CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz. | Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía | | |
| CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos. | Sistematizar a adquisición de vocabulario. | | |
| CA1.2 - Detectar de forma autónoma e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega. | Mostrar interés e respecto polas distintas linguas, identificando as características fundamentais das do seu entorno. | TI | 30 |
| CA1.5 - Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. | Valorar a pluralidade lingüística, especialmente a dualidade lingüística galego-castelá. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais. | Usar unha linguaxe respetuosa coas diferencias e coa perspectiva de xénero. | | |
| CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional. | Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe | | |
| CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas. | Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe | | |
| CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas. | Xestionar os conflitos, de forma dialogada | | |
| CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal. | Valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal | | |
| CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. | Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes. | | |
| CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira autónoma ofrecendo información extraída de distintas fontes, citándoas e recreándoas de maneira creativa. | Compartir os resultados dun proceso de investigación. | | |
| CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar. | Participar en comunidades lectoras de ámbito escolar. | | |
| CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para comentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora. | Ler textos de diversos autores, facendo valoracións persoais das obras literarias | | |
| CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada. | Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica e cultural. - Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. |

Contidos

- A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística.
- Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal.
- Contexto
- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación oral.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información).
- Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.
- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Estratexias de escoita activa, asertividade e proposta de solución creativa para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita e a realización de inferencias para superar o sentido literal de textos sociais orais e multimodais.
- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivas, narrativas, dialogadas, expositivas) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet...
- Procesos: produción oral.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu intereses e gustos.
- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese.
- Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto

Contidos

- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación.
- Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos.
- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo fluídos.
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais relativamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, e revisión e autocorrección.
- Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Contidos

- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais elementais.
- Síntese e reelaboración de coñecementos de forma progresivamente autónoma e con apoio de modelos.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.
- Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal.
- Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Creación de textos literarios de maneira libre e con progresiva complexidade (léxico, estruturas, sentido estético) e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través da observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes con outras linguas.
- Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Mecanismos léxicos elementais para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.
- Estratexias elementais para o uso autónomo de dicionarios, en distintos soportes.

Contidos

- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------------|----------|
| 2 | PROTEGEMOS LOS BOSQUES | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional. | Identificar as distintas linguas empregadas no entorno. | PE | 70 |
| CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal. | Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos. | | |
| CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole, identificando palabras clave e anticipando hipóteses. | Utilizar estratexias para a comprensión de textos. | | |
| CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición. | Producir textos escritos e multimodais coherentes | | |
| CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante. | Elaborar textos escritos e multimodais coherentes. | | |
| CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. | Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA5.7 - Producir, de maneira autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas. | Producir textos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes | | |
| CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Producir textos escritos e multimodais coherentes progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas | | |
| CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais. | Mellorar os textos propios e alleos mediante o uso de dicionarios. | | |
| CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz. | Aplicar as categorías gramaticais e as regras de ortografía. | | |
| CA1.2 - Detectar de forma autónoma e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega. | Detectar prexuízos de forma autónoma e en contextos próximos | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais. | Mostrar interese e respecto polas distintas linguas, identificando as características fundamentais das do seu entorno | | |
As modificacións quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta para o próximo curso.

E ,se é o caso, requerirá da coordinación e o acordo entre o profesorado do centro implicado na area de lingua estranxeira.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------------|----------|---------------|
| 36019104 | CEIP Plurilingüe Nantes | Sanxenxo | 2024/2025 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Lingua galega e literatura | 6º Pri. | 4 | 140 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 8 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 76 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 77 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 77 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 77 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 79 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 79 |
| 7.2. Actividades complementarias | 81 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 81 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 82 |
| 9. Outros apartados | 82 |

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de Lingua galega e Literatura no CEIP Plurilingüe Nantes, concello de Sanxenxo. Este centro é de liña un, contando con 8 unidades (2 de EI e 6 de EP).

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no 6º curso de EP. Son 13 alumnos e alumnas que forman un grupo moi heteroxéneo.

A programación está integrada no PXA, e está elaborada pola mestra titora atendendo á necesaria coordinación cos demais mestres que imparten as diferentes áreas que integran o 6º nivel.

Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

A lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser partícipe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

Así pois, estruturamos esta área en 6 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:

- A lingua e os seus falantes.

-Comunicación oral.

-Comunicación escrita.

- Alfabetización mediática e informacional.

-Educación literaria.

-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

Formúlanse 12 unidades didácticas nas que desenvolveremos a totalidade dos bloques de contidos durante o curso escolar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-------|-----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1-3 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas. | 2 | 2 | 1 | 3 | 3 | 3 | | |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | 1 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos. | 2-3-5 | 2 | 1 | 1 | 4-5 | | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 5 | 2 | | |
| OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual. | 3 | | | 1-2-3-4 | 5 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social. | 1-4 | | | 3 | 1 | | | 1-2-3 |
| OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria. | 1-2-4 | | | | | | | 1-2-3-4 |
| OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 5 | | | |
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 3 | 1-2-3 | | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | 1. CANTO PODEMOS VIVIR? | <p>Nesta primeira unidade do curso propónse reflexionar e opinar sobre as persoas maiores, sinalando a importancia de chegar a unha idade avanzada en bo estado de saúde. Tratarase sobre quen é a persoa de máis idade que coñecen e cantos anos ten. Informaranse e opinarán sobre por que actualmente hai máis xente chegando a idades máis elevadas, analizando os cambios que suceden nas persoas ao longo dos anos.</p> <p>A partir desta situación, o noso alumnado vai ler e comprender textos relacionados con este contido; entre eles, historietas variadas. Os estudantes familiarizaranse cos conceptos literarios, ortográficos e gramaticais correspondentes.</p> | 9 | 12 | X | | |
| 2 | 2. PÓDESE MEDIR A FELICIDADE? | <p>A unidade comeza analizando o concepto de felicidade. O alumnado reflexionará e expoñerá as súas opinións sobre diferentes aspectos formulándose algunhas preguntas: é o mesmo alegría que felicidade?, en que se parecen e en que se diferencian?, que cousas me fan feliz?, coinciden con cousas que fan felices outras persoas?, de que depende a felicidade?, etc.</p> <p>De forma transversal, os estudantes van aprender as normas fundamentais da acentuación diacrítica, van coñecer as diferenzas entre distintos medios</p> | 8 | 12 | X | | |
| 3 | 3. POR QUE FACEMOS DEPORTE? | <p>Nesta unidade reflexiónase sobre a importancia de facer deporte, diferenciando entre os que máis gustan e os que proporcionan maiores beneficios, con menores riscos.</p> <p>A partir de diferentes actividades, baseadas en distintas situacións, os alumnos e alumnas van adquirir conceptos relacionados coa composición, os casos especiais de acentuación, o verbo, a función do narrador no cinema, etc. Para finalizar, explicarán unha táboa de exercicios.</p> | 8 | 12 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 4 | 4. COIDAMOS A ALIMENTACIÓN? | Nesta unidade reflexiónase sobre a alimentación. Propoñerase un debate sobre se os alumnos teñen unha alimentación correcta, sinalando se hai algún tipo de alimento que non consomen nunca e as causas de non consumilo. Incidirase no tipo de alimentos que deben consumir máis e cales deben evitar ou diminuír o seu consumo. De forma transversal, van adquirir conceptos relacionados con todos os contidos propostos. Ao finalizar a unidade, os alumnos e alumnas van deseñar unha dieta semanal. | 8 | 12 | X | | |
| 5 | 5. VALORAMOS A DIVERSIDADE? | Esta unidade trata de analizar que as persoas somos diferentes, reflexionando e opinando sobre se o feito de que sexamos diferentes é un problema ou unha vantaxe. Avanzarase en que se pode facer para aproximarse, coñecer e relacionarse con persoas de culturas diferentes e que poden achegarse mutuamente. Tense en conta que o feito de percibir esas situacións reforza aspectos da nosa personalidade vinculados coa honestidade e a empatía. Ao longo desta unidade, esta interacción vai ser a base sobre a que se sustentarán as actividades recollidas para a aprendizaxe transversal da ortografía, a literatura, a gramática e outros contidos da lingua. | 9 | 12 | | X | |
| 6 | 6. QUE DEREITOS E DEBERES TEMOS? | Nesta unidade propónse a reflexión e o debate sobre dous conceptos fundamentais: que é un dereito e que é un deber. Xustificarase o porqué de que todo dereito implique un deber, sinalando cales son os dereitos fundamentais e informándose sobre se estes dereitos se respectan en todo o mundo. Na unidade que nos ocupa imos abordar os contidos da lingua, vinculándoos con situacións próximas aos dereitos e deberes. Ao finalizar a unidade, o alumnado elaborará un cartel en defensa dos dereitos fundamentais. | 8 | 12 | | X | |
| 7 | 7. É XUSTO OU INXUSTO? | Nesta unidade propónse analizar o conceptos de xusto e inxusto. Para iso, os alumnos opinarán sobre cando consideran que unha situación é inxusta e se cren que a mesma situación pode ser xusta para algunhas persoas e inxusta con outras ou se o que é xusto sempre o é, independentemente das circunstancias. Informaranse e debaterán sobre as razóns | 8 | 12 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 7 | 7. É XUSTO OU INXUSTO? | <p>polas que se crean as leis e se consideran que todas as leis son xustas.</p> <p>Vanse coñecer as normas ortográficas e gramaticais propias desta unidade, e analizaranse as características básicas da expresión en sentido literal e en sentido figurado, aplicándoo a comentarios de noticias.</p> | 8 | 12 | | X | |
| 8 | 8. SABEMOS CONVIVIR? | <p>Nesta unidade o noso alumnado vai opinar sobre os beneficios e inconvenientes que nos proporciona a convivencia con outras persoas. Indicarán con que persoas viven, con cales se levan mellor e con cales lle custa máis convivir. Reflexionarase sobre comportamentos que poden favorecer a convivencia e como se poden resolver os conflitos, especialmente na escola.</p> <p>Incidirase no uso correcto das normas de uso da linguaxe oral e escrita, diferenciando, con claridade, o que son informacións importantes das irrelevantes. Ao finalizar a unidade, os alumnos e alumnas escribirán un poema.</p> | 8 | 12 | | X | |
| 9 | 9. COMO CAMBIOU O CLIMA? | <p>Nesta unidade abórdanse os conceptos de clima, tempo atmosférico, cambio climático, etc. Os alumnos informaranse, reflexionarán e opinarán sobre se os fenómenos meteorolóxicos, como ondas de calor e chuvias torrenciais, están relacionados coas secas ou os furacáns. Analizarase se algúns alumnos cambian de opinión durante o debate. Como actividade final, propónselles facer unha reportaxe sobre o tempo.</p> | 9 | 12 | | | X |
| 10 | 10. POR QUE DESAPARECERON? | <p>Nesta unidade van informarse e reflexionar sobre que animais e plantas desapareceron ao longo da historia, cales adoitan ser as causas destas desaparicións e se actualmente hai moitos ou poucos animais e plantas en perigo de extinción. Opinarán sobre que consecuencias cren que pode ter a desaparición de certas especies e que podemos facer para evitalo.</p> <p>Ao finalizar a unidade, os nosos alumnos e alumnas van elaborar un catálogo sobre animais en perigo de extinción. Deste xeito, ademais, traballarán os contidos de lingua, de forma transversal.</p> | 9 | 12 | | | X |
| 11 | 11. HAI VIDA SEN AUGA? | <p>Nesta unidade partimos da participación nun debate no que o alumnado vai reflexionar sobre que problemas pode</p> | 8 | 10 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 11 | 11. HAI VIDA SEN AUGA? | causar a falta de auga nun lugar onde viven animais, plantas ou persoas. Opinarán sobre se cren que a auga é un recurso inesgotable e sobre que significa o bo uso da auga. Analizaranse obras literarias, relacionadas coa auga, e transmitirase a relevancia que posúen os autores literarios. Preténdese facelos partícipes na educación literaria como un primeiro paso para promover o seu amor pola lectura. Finalmente, crearán un vídeo sobre a auga. | 8 | 10 | | | X |
| 12 | 12. QUE FACEMOS POLO PLANETA? | Nesta última unidade, o alumnado vai reflexionar sobre que elementos fan posible a vida na Terra e como a fan posible. Opinarán sobre se a xente é consciente da importancia de coidar o planeta e sobre se algúns comportamentos danan a natureza, sinalando que podemos facer para evitar o esgotamento dos recursos do planeta. Ao finalizar a unidade, os alumnos e alumnas van facer unha infografía. | 8 | 10 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------|----------|
| 1 | 1. CANTO PODEMOS VIVIR? | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos. | Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos. | PE | 70 |
| CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal. | Ler de xeito silencioso e en voz alta textos escritos | | |
| CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal. | Valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita. | Alcanzar as destrezas e competencias lingüísticas | | |
| CA5.8 - Recoñecer e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros. | Interpretar recursos da linguaxe literaria | | |
| CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Producir textos escritos e multimodais coherentes. | | |
| CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua galega de maneira progresivamente autónoma, formulando hipótese e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos. | Formular hipóteses e buscar contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos | | |
| CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz. | Aplicar as categorías gramaticais e as regras de ortografía | | |
| CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos. | Sistematizar a adquisición de vocabulario | | |
| CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado. | Mostrar interese e respecto polas distintas linguas, identificando as características fundamentais das do seu contorno | | |
| CA1.2 - Detectar de forma autónoma e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega. | Valorar a pluralidade lingüística, especialmente a dualidade lingüística galego-castelán. | | |
| CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar, interpretar e un vocabulario adecuado ao nivel. | Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: | TI | 30 |
| CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos. | Producir textos orais e multimodais de maneira coherente | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso. | Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas. | | |
| CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas. | Expresarse oralmente con coherencia | | |
| CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas. | Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe | | |
| CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos. | Evitar discriminacións e prexuízos. | | |
| CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. | Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios. | | |
| CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar. | Participar en comunidades lectoras de ámbito escolar. | | |
| CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral, establecendo diferenzas entre eles e o seu uso: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas. | Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica e cultural. - Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - Contexto <ul style="list-style-type: none"> - Incidencia dos compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Xéneros discursivos <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. |

Contidos

- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos e a realización de inferencias para superar o seu sentido literal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Estratexias de escoita activa, asertividade e proposta de solución creativa para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e rexeitando a discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Estratexias de identificación e interpretación e do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita e a realización de inferencias para superar o sentido literal de textos sociais orais e multimodais.
- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet...
- Procesos: produción oral
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética d
- Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a planificación e produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación.
- Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega.

Contidos

- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual de textos literarios e non literarios con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos en lingua galega.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais relativamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos da súa organización (catalogación, funcionamento), participación en actividades de corte literario e obtención de información e modelos para a súa produción escrita. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e visuais, con textos variados da literatura galega.
- Estratexias para identificar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores, iniciándose na súa análise.

Contidos

- Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras.
- Interpretación autónoma e compartida das obras literarias en lingua galega a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en xeral, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal.
- Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais do contorno galego.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Creación de textos literarios de maneira libre, en galego e con progresiva complexidade (léxico, estruturas, sentido estético) e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Identificación de recursos literarios.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas.
- Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestándolle especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Mecanismos léxicos elementais para a adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.
- Estratexias elementais para o uso autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------------|----------|
| 2 | 2. PÓDESE MEDIR A FELICIDADE? | 12 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.4 - Recoñecer e rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha consideración social equilibrada das dúas linguas. | Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios | | |
| CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos. | Producir textos orais e multimodais de maneira coherente | | |
| CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal. | Ler de xeito silencioso e en voz alta textos escritos. | | |
| CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal. | Comprender distintos tipos de textos en lingua galega | | |
| CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. | Utilizar distintas fontes de información | PE | 70 |
| CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar. | Participar en comunidades lectoras de ámbito escolar. | | |
| CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información. | Valorar os textos literarios e a literatura como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. | | |
| CA5.8 - Recoñecer e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros. | Recoñecer e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria | | |
| CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz. | Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos. | Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos. | TI | 30 |
| CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar, interpretar e un vocabulario adecuado ao nivel. | Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral | | |
| CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso. | Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas. | | |
| CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas. | Expresarse oralmente con coherencia. | | |
| CA3.4 - Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura. | Analizar o contido e os aspectos de textos escritos | | |
| CA4.3 - Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas de funcionamento desta. | Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado. | | |
| CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar. | Compartir a experiencia da lectura. | | |
| CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora. | Ler textos de diversos autores, facendo valoracións persoais das obras literarias. | | |
| CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas. | Utilizar as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais. | | |
| CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua galega de maneira progresivamente autónoma, formulando hipótese e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos. | Formular hipóteses e buscar contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - Contexto - Incidencia dos compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega. - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos e a realización de inferencias para superar o seu sentido literal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Estratexias de escoita activa, asertividade e proposta de solución creativa para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e rexeitando a discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación e tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Estratexias de identificación e interpretación e do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita e a realización de inferencias para superar o sentido literal de textos sociais orais e multimodais. - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet... - Procesos: produción oral - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética d |

Contidos

- Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a planificación e produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación.
- Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega.
- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais elementais.
- Utilización autónoma da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores, iniciándose na súa análise.
- Interpretación autónoma e compartida das obras literarias en lingua galega a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social.

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Valoración dos textos literarios e da literatura en xeral, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal. - Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal. - Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais do contorno galego. - Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa. - Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas. - Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais. - Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación. - Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-----------------------------|-----------------|
| 3 | 3. POR QUE FACEMOS DEPORTE? | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal. | Ler de xeito silencioso e en voz alta textos escritos. | PE | 70 |
| CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal. | Comprender textos en lingua galega | | |
| CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. | Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes | | |
| CA5.1 - Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos. | Traballar en equipo con iniciativa, de forma activa e responsable. Establecer relacións baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos. | | |
| CA5.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada. | Formular algunha conxectura matemática de forma guiada. | | |
| CA5.6 - Expor novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente. | Expor problemas relacionados coa estatística. | | |
| CA5.7 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos. | Resolver problemas en contextos non matemáticos a partir dos coñecementos adquiridos. | | |
| CA6.8 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada. | Utilizar unha linguaxe matemática adecuada. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Sentido das operacións - Uso de calculadora como recurso para a autocorrección de resultados de operacións realizadas en problemas unha vez establecida a idoneidade do proceso, para a investigación de patróns e propiedades numéricas e como procedemento útil en cálculos complexos. - Educación financeira - Resolución de problemas en situacións cotiás que requiran unha correcta administración do diñeiro e consumo responsable (valor/prezo, calidade/prezo, mellor prezo), con análise crítica de aspectos relacionados co diñeiro, usando textos cotiáns físicos (folletos, carteis, informes) ou dixitais para comparar e elixir a mellor opción nunha |

Contidos

- compra simulada.
- Formulación e resolución de problemas que impliquen a elección dun produto para partir da análise das relacións valor/prezo e calidade/prezo entre as diferentes opcións buscadas, xustificación da decisión tomada e proposta de alternativas.
- Organización e análise de datos
 - Estratexias para a realización dun estudo estatístico sinxelo: formulación de preguntas, e recollida, rexistro e organización de datos cualitativos e cuantitativos procedentes de diferentes experimentos a través de enquisas, medicións, observacións, de maneira individual ou en equipo, para aplicar en situacións contextualizadas.
 - Extracción, interpretación e explicación de información a través da lectura, descrición e análise crítico de gráficos estatísticos con pictogramas, diagramas de barras ou histogramas e de táboas de frecuencias absolutas e relativas; uso desa información na resolución de problemas.
 - Formulación en equipo de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, a interpretación ou a representación de gráficas e táboas de datos.
 - Representación de datos en gráficas sinxelas (diagrama de barras, sectores circulares e poligonais e histograma), con recursos tradicionais e tecnolóxicos, e elección do máis adecuado á situación.
 - Interpretación, cálculo e aplicación da media e da moda nun rexistro estatístico ou táboas de datos en contextos cotiáns.
 - Cálculo e interpretación de medidas de dispersión (rango) para comprender a variabilidade dos datos nun rexistro estatístico.
 - Organización de información estatística sinxela e elaboración de diferentes visualizacións dos datos con uso da calculadora e outros recursos dixitais, como a folla de cálculo.
 - Relación e comparación de dous conxuntos de datos a partir da súa representación gráfica: formulación de conxecturas, análises da dispersión, obtención de conclusións e exposición destas.
- Incerteza
 - Cuantificación e estimación subxectiva e mediante a comprobación da estabilización das frecuencias relativas en experimentos aleatorios repetitivos, previa identificación da incerteza en situacións da vida cotiá.
 - Aplicación de técnicas básicas do cálculo para o cálculo de probabilidades en experimentos, comparacións ou investigacións nos que sexa aplicable a regra de Laplace.
 - Valoración da contribución de homes e mulleres ao desenvolvemento da probabilidade e da estatística e destas ao desenvolvemento humano.
- Inferencia
 - Identificación dun conxunto de datos como mostra dun conxunto máis grande e reflexión sobre a poboación á que é posible aplicar as conclusións de investigacións estatísticas sinxelas relacionadas co cotián.
- Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade
 - Investigación individual e en equipo sobre a contribución da análise de datos, a xeometría, a numeración, o cálculo e a probabilidade aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.
 - Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 10 | Unidades de Medida | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.2 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección. | Seleccionar algunha estratexia para resolver un problema de medida. | PE | 70 |
| CA2.3 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma. | Obter posibles solucións a un problema, seleccionando algunha estratexia de forma autónoma. | | |
| CA2.7 - Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe. | Mostrar a comprensión da mensaxe mediante algún tipo de linguaxe matemático. | | |
| CA2.1 - Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos. | Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais. | TI | 30 |
| CA2.8 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada. | Utilizar unha linguaxe matemática adecuada. | | |
| CA6.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada. | Formular algunha conxectura matemática de forma guiada. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Magnitude - Recoñecemento, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do sistema métrico decimal (lonxitude, masa, capacidade, volume e superficie), do tempo, da temperatura e de ángulos (graos) en situacións habituais e da súa contorna, determinación da medida máis adecuada en cada situación. - Medición - Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións no contexto escolar: selección e uso do instrumento adecuado (analóxico ou dixital), elección das unidades máis apropiadas ao contexto e tamaño, demostrando coñecemento das equivalencias entre medidas, medición precisa, valoración e contraste dos resultados, expresión correcta de forma simple e complexa das unidades, control do proceso seguido e explicación verbal deste. - Estimación e relacións - Estratexias de comparación, ordenación, composición e descomposición de medidas da mesma magnitude e aplicación de equivalencias entre unidades para resolver problemas da vida cotiá que impliquen a conversión de unidades. - Resolución de retos e problemas que permitan observar e comprobar a relación existente entre o sistema métrico decimal e o sistema de numeración decimal. - Estratexias para a estimación de medidas do sistema métrico decimal, de ángulos, tempo e temperatura por comparación con unidades de medida coñecidas e a súa aplicación en contextos habituais, con verificación dos resultados, comprobación de se son posibles ou non e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe. - Interiorización de medidas de tempo na xestión das emocións, vivencia do tempo de espera, o tempo de calma, as queandas de intervención, a percepción emocional do tempo e na planificación do traballo e nas secuencias temporais das súas producións orais e escritas. - Crenzas, actitudes e emocións |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Realización de investigacións matemáticas individuais ou en equipo para fomentar a curiosidade, o interese, a iniciativa na súa aprendizaxe, a organización de ideas, o tratamento da información e a formulación e comprobación de conxecturas. - Os enigmas, desafíos, procura de pistas, xeroglíficos, xogos de codificación e decodificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, o descubrimento, a curiosidade e gusto polas matemáticas. - Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado. - Fomento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: valoración de alternativas, desenvolvemento da flexibilidade cognitiva, estimulación do razoamento, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe e reforzo dos logros. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-------------------------|-----------------|
| 11 | Áreas de Figuras Planas | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.2 - Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada. | Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada. | PE | 70 |
| CA3.7 - Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe. | Mostrar a comprensión da mensaxe mediante algún tipo de linguaxe matemático. | | |
| CA6.6 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos, mobilizando coñecementos e experiencias propios. | Conectar algún elemento matemáticos a partir de coñecementos ou experiencias anteriores. | | |
| CA3.5 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios. | Conectar algún elemento matemáticos a partir de coñecementos ou experiencias anteriores. | TI | 30 |
| CA6.4 - Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos. | Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Localización e sistemas de representación - Interpretación e descrición co uso de vocabulario adecuado das direccións e da posición relativa en planos e mapas a partir de puntos de referencia (incluídos os puntos cardinais), cálculo de distancias e escalas en soportes físicos e virtuais. - Descrición de posicións e movementos no primeiro cuadrante do sistema de coordenadas cartesiano a través de xogos e retos (gráficos, robótica educativa), identificando utilidades habituais. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración e descrición de itinerarios, desprazamentos e movementos en planos, bosquejos, mapas e maquetas con representación de situacións da vida cotiá. - Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade - Os equipos colaborativos e cooperativos heteroxéneos, mixtos e diversos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa e empática, responsabilidade e exhibibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo: estratexias e dinámicas cooperativas. - Estratexias de planificación, control e organización do traballo en equipo para xestionar o tempo, a realización de tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea, a avaliación do funcionamento do equipo e a xestión de conflitos. - Investigación individual e en equipo sobre a contribución da análise de datos, a xeometría, a numeración, o cálculo e a probabilidade aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------------------|----------|
| 12 | Corpos Xeométricos. Área e Volume | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA3.3 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección. | Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema xeométrico. | PE | 70 |
| CA3.4 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada. | Formular algunha conxectura matemática de forma guiada. | | |
| CA3.8 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada. | Utilizar unha linguaxe matemática adecuada. | | |
| CA3.1 - Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos. | Traballar en equipo de foma activa e respectuosa para resolver retos matemáticos. | TI | 30 |
| CA3.6 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos. | Resolver problemas en contextos non matemáticos. | | |
| CA6.7 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos. | Resolver problemas en contextos non matemáticos a partir dos coñecementos adquiridos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións - Interpretación e elaboración de mensaxes e descricións relativas ao seu contorno físico, aos obxectos e á arte con vocabulario adecuado relacionado con figuras e corpos xeométricos, relacións (paralelismo, perpendicularidade, simetría) e posicións ou elementos referenciais (coordenadas, puntos cardinais, distancias, ángulos e xiros). |

Contidos

- Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables como cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram e o manexo de ferramentas dixitais de xeometría dinámica, realidade aumentada e robótica educativa para a procura de regularidades, comparación e clasificación con criterios sinxelos e explicación do proceso.
- Resolución de problemas contextualizados que impliquen o recoñecemento, clasificación e descrición de corpos xeométricos en obxectos e imaxes, demostrando curiosidade por descubrir propiedades e relacións, con explicación do proceso seguido.
- Estratexias e técnicas de construción de figuras e corpos xeométricos por composición e descomposición, mediante materiais manipulables, instrumentos de debuxo (regra, escuadra, compás) e aplicacións informáticas, con explicación do proceso.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica.
- Resolución e formulación de problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros e áreas de figuras planas, con contraste de estratexias e resultados.
- Resolución de problemas xeométricos que impliquen o coñecemento de figuras e corpos, as súas relacións e propiedades, utilizando un modelo (estratexias de clasificación, exemplos contrarios, formulación de hipótese, construción, argumentación e toma de decisións).
- Resolución de problemas da vida cotiá con emprego do modelo xeométrico e a representación matemática da situación para resolver.
- Utilización de instrumentos de debuxo (regra, escuadra, compás e transportador de ángulos) e programas de xeometría dinámica para a elaboración de conxecturas sobre propiedades xeométricas.
- Recoñecemento de relacións xeométricas, posicións, movementos, simetrías e translacións en contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos, e en calquera outro ámbito da vida cotiá.
- Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade
- Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A interacción é fundamental na aprendizaxe das matemáticas. As estruturas, estratexias e dinámicas de aprendizaxe cooperativa propician a resolución conxunta de tarefas e problemas, potencian a atención á diversidade, a inclusión, a igualdade e, en definitiva, a convivencia. As propostas en equipo brindan a oportunidade de intercambio entre o alumnado, permiten a diversidade de ideas e propostas, favorecen clarificar tarefas, discutir plans, chegar a acordos e consensos, analizar producións... Promoven reflexionar e compartir diferentes maneiras de resolver permitindo aproximarse cada vez máis a un proceso eficaz.

A vivencia, manipulación, representación e abstracción son procesos imprescindibles en calquera situación de aprendizaxe; van poñerse en marcha nas situacións arriba sinaladas, situacións contextualizadas, cheas de sentido nas que están presente a exploración e a investigación e nas que é imprescindible responder a unha pregunta, solucionar un reto, lograr unha construción, representar unha vivencia, resolver problemas...

Un problema supón un desafío. A búsqueda dunha solución conleva, xunto ás destrezas emocionais e os coñecementos previos, investigación, selección de ferramentas e recursos, análise...

A resolución dun problema iniciase cunha voa lectura do mesmo e non remata, despois da recopilación de datos, análise, reflexión e descubrimento... ata que se expoñen as conclusións de forma axeitada e ben expresada.

O profesorado vai ser mediador e guía; facilitando a exploración e investigación, fomentando a interacción; animando, alentando a superar dificultades, fomentando a apertura a novos retos. Favorecento o desenvolvemento competencial e atendendo á diversidade socioemocional e de aprendizaxe.

Será importante fixar hábitos de traballo: organizar o traballo e o tempo, ter á man o material necesario ...; promover a colaboración e favorecer o crecemento persoal e como grupo.

As estratexias metodolóxicas que se levarán a cabo son:

- Partir dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu

desenvolvemento cognitivo e emocional.

-Facilitar un enfoque didáctico flexible, aberto e accesible a todo o grupo, polo que se terán en conta os principios do DUA.

- Acompañar as explicacións do docente con apoio visual e utilización de materiais manipulativos.

-Utilizar unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada.

-Realizar prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Neste sentido, empregaranse as estacións de aprendizaxe para poñer en práctica os contidos que se van adquirindo.

En xeral, é fundamental levar a cabo unha metodoloxía activa e participativa, onde prime a compoñente manipulativa para a comprensión dos conceptos matemáticos. Así, no cálculo teranse en conta as seguintes fases: manipulación, representación gráfica e representación simbólica.

En tódalas actividades que se realicen asegurarse que todo o alumnado as comprende para que non as realicen de forma mecánica. É conveniente pedirles que expliquen e xustifiquen verbalmente o proceso que están a levar a cabo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Material manipulativo convencional: tangram, policubos, regletas, base dez, bloques lóxicos, pezas de construción, corpos xeométricos, kataminos, contas de madeira... |
| Material manipulativo non convencional: tapóns, pedras, paos, follas... |
| Material de medidas convencionais: balanzas, básculas, pesas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade, reloxos analóxicos, dixitais e de area. |
| Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, teas, fios, lás, ... |
| Material de debuxo: regra, escuadra, cartabón, compás,... |
| Cartos: moedas e billetes. |
| Recursos tecnolóxicos e dixitais: calculadora, robot, tableta, folla de cálculo. |
| Outros recursos: planos, coleccionables, folletos, publicidade, pelotas, aros, material deportivo en xeral... |

O currículo da área de matemáticas fai numerosas referencias á manipulación e ao emprego de material para favorecer a comprensión dos distintos contidos que veñen reflectidos nel, polo tanto, o propio texto xa nos dá unha idea dos que deben ser empregados. Nesta programación fórmulase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario, pero de maneira que non supoña un elemento distractor cando non se precise.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións durante o cal se recolle información, debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe.

Neste senso a avaliación inicial debe recoller información relevante do alumnado para poder axustar e desenvolver a programación acorde coas súas características, unha aprendizaxe matemática significativa e unha contribución adecuada ao desenvolvemento das competencias.

A avaliación inicial debe ter dous grandes momentos: un a comezo de curso e outro ao comezo de cada unidade.

Ao comezo de curso é moi importante para definir cal será o proceso educativo que programaremos e desenvolveremos nesa aula en concreto. A recollida de información é un paso fundamental, pois, en función deses datos tomaranse unhas decisións ou outras.

Cómpre saber que sabe e sabe facer o alumnado, mais tamén a súa motivación, a atención, os intereses, o estilo de aprendizaxe, o modo de aproximación aos recursos, as emocións ante as matemáticas, como traballa en equipo (aceptación de roles, participación, responsabilidade, resolución de conflitos, ...).

Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios.
- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

Ao comezo de cada unidade ou proposta de traballo haberá de realizarse unha avaliación inicial durante a cal serán detectadas as ideas, as crenzas, as actitudes, os coñecementos, o control dos procesos matemáticos previos, ... de cara a establecer un adecuado proceso de aprendizaxe significativa.

No proceso de recollida de información e a súa triangulación (entre instrumentos, momentos e/ou persoas), sexa cal sexa o tipo de avaliación inicial que abordemos, contarase con diferentes e variados instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade sen priorizar nunca unha única opción. Usaranse procedementos como a observación, análise de producións do alumnado, intercambios orais-debates-entrevistas, probas escritas e cuestionarios. Respecto dos instrumentos empregaranse os de rexistro (listas de cotexo, listas de control, escadas de valoración, diarios, anecdotarios, rexistro de incidencias,...) e outros que permitan indicar os ítem ou aspectos a ter presentes xunto coa súa valoración (rúbricas e guías de observación). Tamén se terán en conta datos procedentes de autoavaliación e a coavaliación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|-------------------------------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 9 | 9 | 8 | 8 | 8 | 8 | 9 | 8 | 8 | 9 |
| Proba escrita | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 |
| Táboa de indicadores | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | Total |
|-------------------------------|----------|----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 8 | 8 | 100 |
| Proba escrita | 70 | 70 | 70 |
| Táboa de indicadores | 30 | 30 | 30 |

Criterios de cualificación:

Con carácter xeral, determinaranse os criterios de cualificación en cada unidade didáctica, en función das porcentaxes asignadas. Haberá unha proba escrita nunha das últimas sesións de cada unidade, cuxa nota alcanzará a porcentaxe correspondente.

As táboas de indicadores terán referencia a diferentes actuacións, relacionadas coa obtención de información sobre o grao de aprendizaxe adquirida. Así, terase en conta diariamente:

- Tarefas realizadas en tempo.
- Calidade dos traballos en función da idade, e tendo como mínimo o principio de claridade e corrección.

Empregaranse rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o traballo do caderno de clase, o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, o respecto polos compañeiros e a capacidade de seguir instrucións e expresión e comunicación de resultados.

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizarase estas porcentaxes: Probas escritas 70% e Táboas de indicadores 30%.

De cara a avaliación final, o peso da nota de cada trimestre será o seguinte:

- 1º TRIMESTRE: 34%
- 2º TRIMESTRE: 33%
- 3º TRIMESTRE: 33%

O resultado dos cálculos redondearanse cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa igual ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante

(flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos). Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optárase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe.

Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferentes linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as funcións executivas.

Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.

Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.

Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.

Ademais convén utilizar procesos de aprendizaxe acordes coa grao de madurez, flexibilizar opcións algorítmicas para permitir que o alumnado poida facelo co seu propio sistema de procesamento, facilitar diferentes fórmulas de resolución, proporcionar fórmulas diversas para relacionar os diferentes aspectos matemáticos e unilos ao contexto real. Trátase de potenciar habilidades e destrezas que leven ao coñecemento de diferentes formas de abordar as solucións matemáticas potenciando a investigación

Débase dar unha resposta adaptada, potenciadora e compensadora das diferenzas individuais de todo o alumnado no marco normalizado do propio centro e da comunidade educativa a partir do principio básico de respecto ás diferenzas e a súa consideración como un elemento enriquecedor para a sociedade. A atención integral ao alumnado iniciárase dende o mesmo momento en que sexan detectadas as necesidades e rexeranse polos principios de normalización e inclusión.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia. | | | | X | | | | X |
| ET.4 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. | | | | X | | | | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.5 - A participación en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. | | | | X | | | | |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|--|------|-------|-------|-------|
| ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. | X | X | X | X |
| ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. | X | X | X | X |
| ET.3 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia. | X | | X | X |
| ET.4 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. | X | X | X | X |
| ET.5 - A participación en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. | X | X | X | X |

Observacións:

Segundo o recollido no artigo 17 (elementos transversais) do Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, na posta en práctica desta programación traballarase de xeito transversal: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional. Ademais dos elementos transversais citados anteriormente, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--------------------|--|----------|----------|----------|
| Conmemoracións | Celebración das conmemoracións establecidas na PXA | X | X | X |
| Festividades | Celebración das festividades tradicionais do ciclo anual. | X | X | X |
| Saídas didácticas | Participación nas saídas didácticas organizadas. | X | X | X |
| Outras actividades | Participación noutro tipo de actividades como obradoiros, chharlas, PDI do centro, programas educativos... | X | X | X |

Observacións:

Estas son algunhas das posibles actividades complementarias a realizar durante o curso dende a área de Matemáticas. Segundo as necesidades que se vaian presentando poderán engadirse máis ou modificar algunhas delas. En todas as actividades programadas tratarase de fomentar a convivencia, desenvolver actitudes de solidariedade e irmandade entre o alumnado e profesorado, ademais de salientar valores sociais, culturais e morais, imprescindibles para o bo progreso dos individuos como seres sociais.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| A temporalización das UD foi axeitada. |
| O 80% do alumnado acadou unha avaliación positiva na área. |
| Avaliouse seguindo os instrumentos de avaliación fixados na programación docente. |
| Metodoloxía empregada |
| Empregáronse diferentes estratexias e/ou recursos para a presentación de novas situacións de aprendizaxe. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Flexibilizáronse os tempos, instrumentos, contidos... en función das necesidades do alumnado. |

| |
|--|
| Medidas de atención á diversidade |
| Modificouse a práctica docente ante as dificultades de aprendizaxe do alumnado. |
| Clima de traballo na aula |
| Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Apoíouse a implicación das familias no traballo do alumnado. |
| Coordinouse de xeito adecuado co resto do equipo docente. |

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada do noso labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso. Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- Realízase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------------|----------|---------------|
| 36019104 | CEIP Plurilingüe Nantes | Sanxenxo | 2024/2025 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Música e danza | 6º Pri. | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 15 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 16 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 17 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 17 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 18 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 18 |
| 7.2. Actividades complementarias | 18 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 19 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 20 |
| 9. Outros apartados | 20 |

1. Introducción

A Música e a Danza ofrecen múltiples beneficios nas persoas que o practican e contribúe ao desenvolvemento global do alumnado en múltiples dimensións:

- A través do desenvolvemento da percepción e da motricidade;
- Potenciando o pensamento crítico;
- Estimulando a atención e a memoria a curto e longo prazo;
- Mellorando a expresividade, a comunicación e a sociabilidade.
- Favorece o desenvolvemento emocional ea sensibilidade estética;
- Estética e creativa, a través da estimulación da imaxinación, da creatividade e da autonomía.

As diferentes manifestacións culturais e artísticas teñen unha presenza constante na contorna e na vida das persoas, formando parte intrínseca do seu propio ser e da súa actividade comunicativa e social, á vez que son parte esencial do patrimonio cultural.

Connatural ao ser humano desde a orixe dos tempos, pola súa importancia na vida, debe gozar da súa atención e do seu espazo. (Decreto 155/2022, do 15 de setembro). "A música pertence a todos" (Zoltan Kodály); "é unha cousa ampla, sen límites, sen fronteiras, sen bandeiras" (León Gieco). Considerase "a verdadeira linguaxe universal" (Carl M. von Weber).

A música e a danza son manifestacións artísticas que transcenden barreiras. Con traballo, constancia e motivación, calquera pode desenvolver o seu talento e mellorar non só a nivel persoal, senón tamén como parte dun grupo. A unión de persoas de diferentes caracteres, niveis e procedencias enriquece a experiencia creativa. Cada individuo aporta unha perspectiva única, transformando o proceso nunha viaxe colectiva onde todos aprenden e crecen. Ao compartir esta paixón, constrúense vínculos e celébrase a diversidade, convertendo a diferenza nunha poderosa forza que potencia a expresión artística.

A área de Música e Danza desenvólvese a través dunha dobre dimensión:

- Reflexión que leva a comprender a cultura e a desenvolver o sentido crítico a través da percepción e o análise.
- Creación e produción artística que pon en práctica a comunicación e expresión persoal e colectiva de forma plástica e visual.

Característas do entorno:

- Concello: 7 parroquias, dependente do turismo e do rural. Conta con escola de música na que participa algún alumno.
 - Centro Escolar: Situado nunha parroquia rural a 3 km do Concello no interior. Con 2 aulas de EI e 6 de primaria cun a media de 12 a 15 alumnos por aula. Unha porcentaxe alta de necesidades de diverso tipo.
 - Familias: Ambiente rural e turístico. Colaboradores e participativos; alexados da actividade presencial.
 - Alumnado: Baixo nivel de competencia lingüística, tanto oral como escrita; carencias de vocabulario, razoamento, organización e hábitos de traballo. No referente a música custa respetar os silencios, escoitar, manter a atención, situarse no espazo ou manexar a propia lateralidade. Cóntase cunha gran capacidade para ilusionarse cos novos aprendizaxes,boa disposición; incluso nas dificultades.
 - Moito movemento tanto de alumnos como do profesorado ao longo dos últimos anos.
 - Dispón de aula de informática, Biblioteca e Plástica Bilingüe
 - Pouca flexibilidade horaria ou de agrupamentos.
 - Aula de música compartida con actividades extraescolares, actuacións, Sen espazo para co material este protexido. A falta de espazo fai necesaria unha maior creatividade e imaxinación cas veces axuda a obrer resultados máis satisfactorios.
- Horario: 1 sesión de 50 minutos semanais.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|-----|------|
| OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade. | | 3 | 1 | 1 | 3 | 1 | 2 | 1-2 |
| OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas. | | | | | | | | 2-4 |
| OBX3 - Investigar sobre de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia | 3 | 3 | 2 | 1 | 4 | 3 | | 1-2 |
| OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias. | 1 | | | 2 | 1-5 | 2 | 1 | 3-4 |
| OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza. | 1-5 | 3 | 3 | | | 2 | 1-3 | 3-4 |

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Outono, Magosto e Nadal | Dirixida a establecer as bases de traballo: rutinas, responsabilidades, coidado do material... Achegarse aos elementos básicos da música, os instrumentos, o movemento e a linguaxe musical. O fio conductor serán as conmemoracións do primeiro trimestre. | 25 | 9 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 2 | Inverno, a Paz e o Entroido | Prosigue o traballo reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza. Nesta ocasión, a través do inverno, a Paz o Entroido e as conmemoracións do segundo trimestre. | 25 | 9 | | X | |
| 3 | Primavera, Verán e Fin de Curso | Se seguen desenvolvendo contido, co propósito de afianzar o traballado. O fio conductor será a Primavera, o Verán, as letras galegas e as conmemoración do terceiro trimestre do curso. | 25 | 9 | | | X |
| 4 | Música, Danza e Emocións | Nos achegamos as musicas e danzas da nosa terra e de outras rexions e países. A través do Coro de Emocións, do traballo coas emociónes e dos lugares de procedencia dos alumnos fomentamos a expresión artística individual e como grupo. | 25 | 8 | X | X | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------|----------|
| 1 | Outono, Magosto e Nadal | 9 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical. | Identifica, e representa as figuras musicais traballadas. | PE | 20 |
| CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. | Descobre ou discrimina algunha proposta musicais tradicionais ou populares traballadas. | TI | 80 |
| CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais. | | |
| CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais e mostra unha actitude positiva. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Interpreta e crea algunha combinación rítmica y o melódica | | |
| CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes. | Reproduce rítmicamente cos instrumentos traballados fórmulas sinxelas de pregunta-resposta Utiliza elementos básicos da linguaxe musical acordes co traballado | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas musicais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas. | Participa co grupo na interpretación dunha pequena peza musical ou unha dramatización. | | |
| CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Manifesta respecto na realización de actividades musicais e mostra unha actitude positiva. | | |
